



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
SAN PEDRO DE VISMA



CEIP PLURILINGÜE SAN PEDRO DE VISMA - ACORUÑA

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

Curso 2023/2024



ÍNDICE

1	<i>Xustificación</i>	1
2	<i>Datos xerais do centro</i>	2
2.1.	Contexto.....	2
2.2.	Datos do centro.....	3
2.3.	Instalacións e organización dos espazos.....	3
2.4.	Ensinanzas que se imparten.....	4
3	<i>Obxectivos específicos para o curso académico</i>	6
3.1	Recursos previstos para o efecto.....	13
4	<i>Concreción anual do PEC</i>	14
5	<i>Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEAE</i>	14
6	<i>Organización pedagóxica</i>	15
8	<i>Plan de actuación dos órganos de goberno e participación.</i>	15
8.1	Equipo Directivo.....	15
8.2	Claustro.....	17
8.3	Consello Escolar	20
8.4	Comisión Económica.....	22
8.5	Comisión de convivencia.....	22
9.	<i>Plan de actuación dos órganos de coordinación docente</i>	23
9.1	Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)	23
9.2	Equipos de Ciclo.	26
9.3	Departamento de Orientación.....	27
10	<i>Xornada escolar e horario do centro</i>	28
11	<i>Alumnado non recollido unha vez rematadas as actividades lectivas</i> .	32
12	<i>Cesión de instalación</i>	33
13	<i>Programas educativos</i>	33

13.1	Programas da Consellería de Educación.....	33
13.2	Outros programas	34
14	<i>Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)</i>	34
15	<i>Plan de traballo dos ciclos</i>	34
15.1	Plan de traballo de Educación Infantil.....	34
15.2	Plan de traballo 1º ciclo de Educación Primaria.	40
15.3	Plan de traballo 2º ciclo de Educación Primaria.	43
15.4	Plan de traballo 3º ciclo de Educación Primaria.	45
16	<i>Equipos e departamentos docentes</i>	47
16.1	Equipo de Dinamización da Lingua Galega.....	47
16.2	Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.....	52
16.3	Equipo de Tecnoloxías da Información e da Comunicación.	55
16.4	Equipo de Dinamización da Biblioteca.....	58
16.5	Equipo de Dinamización de Medio Ambiente.	63
16.6	Equipo de Convivencia.	67
17	<i>Plan anual de actividades del departamento de orientación</i>	68
17.1	Introdución	68
17.2	Criterios para a elaboración do Plan.....	69
17.3	Departamento de Orientación.....	70
17.4	Medidas prioritarias.	73
17.5	Actuacións e temporalización.	76
17.6	Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEAE.	80
17.7	Avaliación.	81
18	<i>Proxecto plurilingüe de centro</i>	82
19	<i>Axenda do Proxecto lingüístico</i>	84
20	<i>Libros de texto e demais materiais curriculares</i>	85

21	<i>Plan de autoprotección</i>	85
22	<i>Plan de organización e coordinación do persoal non docente</i>	86
23	<i>Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coas familias</i>	87
24	<i>Plan de transporte escolar</i>	88
25	<i>Plan de actividades propostas pola ANPA</i>	89
26	<i>Plan de mellora</i>	91
27	<i>Anexos</i>	93
	Anexo I: Libros de texto.....	93
	Anexo II: Estratexias metodolóxicas para o tránsito de educación infantil a educación primaria	97
	Anexo III: Criterios de Substitución	99
	Anexo V: Plan de lectura	100
	Anexo VI: Plan de Biblioteca	106
	Anexo VI: Plan de actividade física	112
	Anexo VII: Plan Dixital.....	118
	ANEXO VIII: Plan de benestar e convivencia.....	124

1 Xustificación

No actual documento preséntase a Planificación Xeral Anual (en adiante PXA) do noso centro o CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma. A elaboración da Programación Xeral Anual é un requirimento obrigatorio para os centros educativos na Orde do 22 de xullo de 1997 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Este arquivo é un documento de planificación a curto prazo, de obrigado cumprimento para todos/as os membros da comunidade educativa. A súa finalidade principal é a de garantir o desenvolvemento coordinado da acción educativa e a resposta á diversidade do alumnado, así como o correcto exercicio das competencias dos distintos órganos de goberno e a participación de toda a comunidade educativa.

A Programación Xeral Anual é concibida como un documento guía de planificación da nosa práctica educativa que dea coherencia e cohesión ao conxunto de plans e proxectos do centro. O presente documento recollerá, a través das aportacións dos diferentes equipos docentes, as decisións de carácter anual que afecten á xestión do centro para o presente curso académico. Plasmaranse obxectivos sinxelos, pero reais, que intentaremos conseguir. Ademais, neste documento quedan recollidos os cambios que, tanto a nivel pedagóxico como de organización e funcionamento do centro, afectan á actividade escolar.

O marco de referencia da Programación Xeral Anual é o Proxecto Educativo do centro (PE), un instrumento de planificación estratéxica, con carácter de permanencia, que se concretará cada curso escolar na PXA co obxectivo de permitir a introdución de medidas na organización e funcionamento do centro e nos procesos de ensino coa finalidade de mellorar os resultados educativos.

Neste curso seguiremos o traballar para unificar esforzos desde todos os sectores da comunidade educativa e poder levar a cabo a actividade escolar coa maior “normalidade” posible.

Ao remate do curso escolar, o claustro de profesores, o consello escolar e o equipo directivo avaliarán o grao de cumprimento da PXA en función das

competencias que ten atribuídas cada un destes órganos. As conclusións máis relevantes serán recollidas na Memoria Final de curso.

2 Datos xerais do centro.

2.1. Contexto.

O CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma é un colexio público e, polo tanto, está baixo a titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia. Atópase no barrio de Visma, na cidade de A Coruña. Este lugar é colídate coa terceira ronda, unha das principais vías de entrada e saída á cidade. San Pedro de Visma é o centro do barrio do mesmo nome, pero tamén da parroquia que agrupa actualmente 30 lugares, desde San Roque de Fóra ou Labañou a Nostián ou Bens. Pola súa localización, próxima a casas illadas, pequenas hortas e entre campos, nos que incluso pódense ver vacas e ovellas pacendo, podería parecer un centro rural, pero polo seu alumnado é un colexio urbano cunha grande variedade de nacionalidades, etnias e tradicións culturais.

As familias do noso centro, proceden, maioritariamente, desta zona da cidade, aínda que tamén temos alumnado procedente da área metropolitana (Arteixo, Oleiros, Cambre...). A situación económica dos habitantes desta zona é moi diversa, pasando por familias de nivel medio (profesionais liberais e autónomos na súa maioría), ata un número importante de familias cun baixo nivel socioeconómico, algunhas delas incluso en risco de exclusión social. Ademais, contamos cun elevado número de familias inmigrantes; o que fai que o CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma presente un abano moi diverso na súa comunidade educativa. A un quilómetro do noso centro, aproximadamente está o IES Rafael Dieste, ao que estamos adscritos.

O Centro conta cun claustro de profesores/as moi activo, que dende hai varios anos, desenvolve múltiples proxectos. Ademais, os distintos equipos de dinamización actúan coordinados e desenvolvendo con grande éxito numerosos proxectos. A ANPA do colexio tamén ten unha participación moi activa na organización e proposta de múltiples actividades polas tardes.

2.2. Datos do centro

Código	15005701
Nome	CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma
Domicilio	Rúa Lagares, 12
Código Postal	15011
Localidade	A Coruña
Provincia	Coruña
Teléfono	881 960 787
E-mail	Ceip.sanpedro.visma@edu.xunta.gal
Páxina web	www.edu.xunta.gal/ceipsanpedrovisma

2.3. Instalacións e organización dos espazos

O centro permanece aberto desde ás 07:30 ata as 18:00 horas de luns a venres.

Conta con:

- ✓ Servizo Mañanceiro (ofertado polo Concello): de 07:30 h a 09:00 h.
- ✓ Comedor Escolar (catering ANPA): de 14:00 a 16:00 h.
- ✓ Actividades Extraescolares (ANPA): de 16:00 a 18:00 h.

Os luns, en horario de tarde, realízanse tarefas de carácter titorial e de atención a pais/nais, e lévanse a cabo as reunións específicas dos diferentes equipos.

En canto ás instalacións, todo o espazo interior organízase nun único edificio dividido en dúas plantas e un baixo coa seguinte distribución:

- Baixo: Ximnasio e aseos.
- 1º andar: Dirección, Secretaría, Sala Usos Múltiples/Biblioteca, 1 aula Audición e Linguaxe (AL), 2 aulas de Pedagogía Terapéutica (PT), Conserxería, 6 aulas de Ed. Infantil, 1 aula de Convivencia/ANPA, 4 aulas de Ed. Primaria, Orientación, Comedor Escolar, servizos para

profesorado, servizos para alumnado, cadro de luces e escaleiras que comunican os andares e 2 almacéns debaixo das escaleiras.

- 2º andar: Sala de Mestres/as con aseos (un destinado a útiles de limpeza), 1 aula de idiomas, 1 aula de música, 1 aula de Audición e Linguaxe, 1 aula de Pedagogía Terapéutica (PT), 8 aulas primaria, 1 aula de plástica, 1 aula de relixión católica, 1 aula relixión evanxélica, servizos alumnos/as, rampla para evacuación.
- Zona exterior: Pista descuberta, pavillón deportivo, ximnasio, campo de herba, zona de xogos infantil, zona de horto e galiñeiro.

No referente **as instalacións** cabe destacar:

- As zonas exteriores están deterioradas estamos pendentes de que se acepten algunhas das solicitudes presentadas por parte da Dirección do centro ao Concello: pintar o centro, cambiar a pista por un pavillón polideportivo cuberto, axudar a manter as zonas de horto e intentar que veñan a cortar a herba máis habitualmente.
- No interior temos nun mal estado de conservación as aulas de infantil e plástica por culpa da humidade, faremos petición de cambio de chan e que as pinten ao Concello.
- Durante os meses de xuño e xullo cambiáronnos toda a megafonía (exterior e interior) do Centro, reparación que facía moita falta.
- Con respecto ao botellón e vandalismo no Centro, temos que destacar una diminución do mesmo grazas á cesión das instalacións exteriores a grupos e asociación da zona, aínda así, pedimos o elevado do muro con reixas tanto a Consellería como ao Concello, xa que o colexio asumiu unha pequena parte pero non é suficiente.

2.4. Ensinanzas que se imparten

➤ Alumnado

O centro escolariza alumnado de Educación Infantil e Primaria. Conta cun total de 375 distribuídos en 18 grupos: 6 de Educación Infantil e 12 de Educación Primaria.

ALUMNADO TOTAL	
EDUCACIÓN INFANTIL	117
EDUCACIÓN PRIMARIA	258
TOTAL	375

CURSO	ALUMNADO
4º Ed. Infantil	29
5º Ed. Infantil	47
6º Ed. Infantil	41
1º Ed. Primaria	42
2º Ed. Primaria	50
3º Ed. Primaria	49
4º Ed. Primaria	32
5º Ed. Primaria	41
6º Ed. Primaria	44

➤ **Persoal do Centro**

PERSOAL DOCENTE	
ESPECIALIDADE	NÚMERO DE MESTRES/AS
INFANTIL	8
PRIMARIA	11
INGLÉS	2
FRANCÉS (PRIMARIA)	1*
EDUCACIÓN FÍSICA	2
EDUCACIÓN MUSICAL	2
RELIXIÓN CATÓLICA	1
RELIXIÓN EVANXÉLICA	1

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	2
AUDICIÓN E LINGUAXE	1
ORIENTADORA	1
PRAZAS DE ATENCIÓN PREFERENTE (PT e AL)	4
TOTAL	35

* Incluído no total de profesorado de Primaria

PERSOAL NON DOCENTE	
DEDICACIÓN	NÚMERO
AUXILIAR DE CONVERSA	1
INTÉRPRETE EN LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA	2
PERSOAL AUXILIAR COIDADADOR	3
CONSERXE	1
PERSOAL DE LIMPEZA	3
TOTAL	10

3 Obxectivos específicos para o curso académico

➤ Convivencia e clima escolar.

- Propiciar un clima afectivo e humano que facilite as relacións de convivencia entre os diversos sectores que conforman a comunidade educativa.
- Crear canles que favorezan a comunicación, a participación e a colaboración dos membros da comunidade.
- Promover unha educación encamiñada á tolerancia e ao respecto.
- Priorizar o respecto das normas do centro por todos os sectores da comunidade educativa de cara á creación dun espazo de convivencia tranquilo e de confianza.
- Plantexar a diversidade cultural como un elemento enriquecedor.
- Respetar a non discriminación e a inclusión como valores

fundamentais.

- Procurar unha escola motivadora e participativa, que fomente a curiosidade e o rendemento do colectivo escolar.
- Valorar o labor do profesorado como parte esencial na función educativa.
- Fomentar a implicación e a colaboración das familias no proceso educativo dos seus fillos/as
- Facilitar información ás familias sobre a marcha escolar do alumnado.
- Valorar a importancia do traballo de todo o persoal que participa na vida do centro.
- Descubrir as expectativas e as necesidades educativas da comunidade educativa.
- Fomentar actitudes responsables, dentro e fóra da escola, que minimicen o risco de contaxio.
- Fomentar a actitude de conservación, valoración e protección da contorna.
- Potenciar a educación medioambiental no centro.
- Implicar á comunidade educativa na conservación do mobiliario e instalacións do centro.

➤ **Centro**

- Revisar e actualizar calquera documento organizativo e programático do centro en función da súa necesidade de actualización e axuste.
- Revisar os diferentes Proxectos Educativos para a súa actualización.
- Continuar co Proxecto E-Dixgal.
- Manter e fomentar a implantación do Plan Dixital de Centro.
- Seguir co funcionamento do proxecto educativo MUS-E no noso Centro.
- Afianzar o proxecto de horta, medio ambiente e participación en Voz Natura.
- Dinamizar a Biblioteca Escolar e o seu plantexamento organizativo.
- Continuar co Proxecto Plurilingüe na materia de Ed. Plástica e visual en todos os cursos de primaria, contando co apoio dunha auxiliar de conversa.

- Impulsar a Formación Permanente do profesorado.
- Participar nos programas ofrecidos pola Xunta: Innova (Edusaúde, Edusostibilidade e Eduinnova), Plan Proxecta, Contratos Programa (Inclúe e Innova).
- Solicitar material didáctico e mobiliario á Consellería.
- Solicitar aos órganos competentes as diferentes obras de mellora do Centro.
- Establecer criterios de coordinación entre os distintos ciclos e etapas.
- Potenciar o Departamento de Orientación como canle para prevención, intervención e seguimento da problemática educativa do alumnado.
- Promover actividades de reforzo e apoio para o alumnado que o precise.
- Establecer criterios que prioricen a necesidade de apoio e reforzo do alumnado e fomentar a coordinación entre o/a titor/a e o profesorado de apoio ordinario.
- Continuar co Plan de Fomento do uso da Lingua Galega por parte do EDLG, incluíndo no mesmo a Addenda sobre o Proxecto Lingüístico.
- Impulsar a utilización das aula virtual e doutros recursos que faciliten o traballo co alumnado.
- Impulsar a dinamización dos tempos de lecer.
- Coordinar o traballo das distintas dinamizacións e impulsar a organización de actividades globalizadas no centro.
- Conseguir unha axeitada planificación do espazo e do tempo escolar na procura dos mellores resultados.

➤ **Profesorado**

- Crear un bo ambiente de traballo e relacións humanas afectivas no profesorado, que repercuta positivamente en toda a comunidade educativa.
- Seguir mellorando os sistemas de comunicación entre o profesorado.
- Estimular a comunicación e o traballo en equipo dos membros do claustro para lograr unha efectiva organización e coordinación, apoiando a formación de grupos de traballo.

- Motivar e facilitar o traballo das distintas dinamizacións e equipos docentes para que sexa factible levar a cabo as propostas presentadas nesta PXA.
- Implicar ao Claustro na toma de decisións e na elaboración/revisión dos documentos e proxectos do centro como a presente Programación Xeral Anual, PEC, NOF, Plan Lector, Plan de Biblioteca, Plan de actividade física, Plan de benestar, e todos cantos se estean levando a cabo e precisen de revisión, actualización e/ou elaboración.
- Impulsar a participación do profesorado nos Plans de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)
- Fomentar a formación do profesorado no uso de ferramentas TICs para aplicar na súa práctica docente.
- Favorecer a implicación e participación do profesorado en proxectos de innovación educativa na procura dun centro dinámico que poida favorecer no alumnado o desenvolvemento de competencias e adquisición de destrezas e obxectivos, en consonancia coas demandas e novos retos da sociedade.
- Diseñar estratexias que permitan mellorar o rendemento académico dos alumnos, fomentando a capacidade de traballo e o interese pola aprendizaxe.
- Dinamizar a Lingua Galega , no centro en xeral e nas aulas en particular.

➤ **ANPA e Consello Escolar**

- Fortalecer a relación fluída coa A.N.P.A. colaborando nas iniciativas propostas en prol do beneficio do alumnado.
- Colaborar e facilitar a labor do servizo de comedor e madrugadores e das actividades extraescolares organizadas pola ANPA.
- Consensuar criterios, en canto ás normas de convivencia, xeito que os servizos ofertados pola ANPA sexan unha prolongación do tempo lectivo
- Facer partícipes ás familias, a través da ANPA, das actividades do centro e solicitar a súa axuda e colaboración se fose preciso.
- Manter unha boa comunicación co Concello de A Coruña, colaborar na organización das Actividades Extraescolares e fomentar a participación nas actividades de carácter didáctico que se poidan levar a cabo.

- Comunicar ao Concello as necesidades de mantemento e/ou mellora das instalacións do centro.
- Solicitar a colaboración do Concello nos aspectos que fose preciso.
- Recursos
- Rendibilizar ao máximo os recursos humanos, materiais e económicos cos que conta o centro.
- Optimizar o uso e o aproveitamento dos recursos do centro, das infraestruturas e materiais dispoñibles.
- Procurar a mellora das dotacións de material e equipamentos do centro.
- Atender ás necesidades de equipamento ou deficiencias nas instalacións.
- Actualizar e mellorar a páxina web do centro de cara á comunicación coas familias.
- Seguir co desenvolvemento do Plan de Autoprotección.

➤ **Medidas a desenvolver para a súa consecución**

- Expoñer as normas xerais do centro e propoñer actividades que conviden á reflexión sobre a importancia do seu cumprimento.
- Coñecer e dar resposta as DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) do Centro e de toda a comunidade educativa.
- Revisión e actualización das Normas de Funcionamento e Organización do Centro e as xa incluídas do comedor e transporte, convivencia, así como calquera outra que sexa aprobada neste curso polo Claustro e Consello Escolar.
- Actualización do Plan de Convivencia en relación ao procedemento de apertura de partes de conduta.
- Impulsar o emprego da aula de convivencia/aula inclusiva.
- Promover actividades que traballen a convivencia, o respecto e a responsabilidade.
- Potenciar a organización de actividades durante aquelas conmemoracións que estean máis relacionadas coas actitudes do respecto e a tolerancia.
- Promover actividades nas que se fomente a autonomía e a responsabilidade dos rapaces e rapazas: tarefas para a casa, coidado do material, orde e limpeza no seu espazo.

- Facer partícipe ao alumnado no coidado da nosa contorna e do noso centro.
- Participación activa do profesorado nas reunións docentes, propoñendo obxectivos concretos e viables.
- Fomentar as iniciativas de traballo nos ámbitos nos que cada membro do profesorado se poida sentir máis cualificado.
- Potenciar experiencias escolares cos novos enfoques que ofrecen as novas tecnoloxías e, especialmente, aplicando os medios informáticos no desenvolvemento do currículo.
- Participación en cursos de formación do profesorado.
- Creación de canles de comunicación entre o profesorado que faciliten unha visión global da actividade do centro.
- Potenciación do uso da app AbalarMóbil como única canle de comunicación coas familias.
- Creación de espazos de traballo e de intercambio de experiencias e opinións onde se poidan organizar iniciativas que axuden á consecución dos obxectivos propostos nesta planificación.
- Fomentar o uso da web como fonte continua de información ás familias.
- Procurarase unha adaptación integral do alumnado con necesidades educativas específicas.
- Cubrir, a través do Programa PROA + a atención ao alumnado con NEAE, así como un ensino máis individualizado.
- Revisión do Plan de igualdade do centro si fose preciso para traballar aqueles aspectos susceptibles de ser modificados dentro do NOF do centro, e deste xeito queden regulados os aspectos que poidan afectar directamente á inclusión efectiva de homes e mulleres da comunidade educativa do centro.
- Procura de fórmulas que compensen, na medida do posible, a falta de espazos.
- Implicación das familias no proceso educativo dos nosos alumnos como un recurso fundamental que non debemos esquecer.
- Contacto periódico coa Administración Local.
- Colaboración continua coa Asociación de Nais e Pais.
- Facilitar espazos para o desenvolvemento dos distintos programas

solicitados e aprobados polo Consello Escolar así como para as actividades programadas pola ANPA (cóxegas, actividades extraescolares...).

- Continuación co servizo de mantemento informático para a mellora das prestacións dos sistemas informáticos dos que dispón o Centro. A empresa adxudicada e Coingal.

➤ **Obxectivos específicos dos nosos proxectos de Centro:**

- Continuidade no centro co Plan de Mellora de Bibliotecas escolares, seguindo co afianzamento da Biblioteca como un espazo, máis versátil e dinámico. Ademais buscamos fomentar dende ela as diversas actividades para que sexa esta o punto de partida de moitas das actividades que se propoñen para a realización conxunta do centro.
- Elaboración e continuación por parte do equipo de dinamización de Medio Ambiente de diversos proxectos para a continuidade do horto escolar , galiñeiro, reciclaxe, elaboración de compostaxe, ademais de volver a participar no proxecto organizado polo Concello “Voz Natura”.
- Seguir impulsando o proxecto Edixgal no alumnado de 5º e 6º de EP.
- Desenvolver diferentes actividades e proxectos no que se trata especialmente hábitos de comida saudables.
- Seguir traballando o fomento e o uso da lingua galega a través do Plan Lingüístico de Centro e as actividades realizadas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Continuar formando parte dos proxectos educativos de Eduinnova, Edusaúde e Edusostibilidade e Inclúe-T organizados pola Xunta de Galicia, os cales traballan hábitos de vida saudables, reforzo nas áreas de matemáticas e lingua entre niveis e coidado da contorna e do medio ambiente.
- Fomentar o desenvolvemento do xa implantado Plan Plurilingüe de Centro na materia de Educación Plástica e visual.
- Formar parte da plataforma eTwinning e do proxecto Erasmus que ofrecen unha plataforma aos equipos educativos (profesorado, equipos directivos, persoal de biblioteca, etc.) dos centros escolares dos países europeos participantes, para comunicarse, colaborar, desenvolver proxectos,

compartir ou o que é o mesmo: sentirse e formar parte da comunidade educativa máis atractiva de Europa.

- Continuar co Proxecto artístico MUS-E para o alumnado de 5º de EI en diante. Propoñerase ao profesorado novas disciplinas a maiores das que xa temos: audiovisuais, danza, circo e teatro.

Ademais, neste curso o Proxecto de Centro xirará entorno a temática de "A Arte"; polo que todas as actividades propostas dende os distintos equipos de dinamización e levadas a cabo dende o colexio, terán unha relación directa con todos os tipos de expresión cultural e artística.

3.1 Recursos previstos para o efecto

➤ Recursos humanos:

Será imprescindible o traballo en equipo do persoal docente e non docente para poder levar a cabo os obxectivos desta planificación. A labor e a colaboración de todos os profesionais que traballan no centro é fundamental para o bo funcionamento deste. É importante formar un grupo humano que asuma tarefas e responsabilidades naqueles ámbitos nos que cada quen se sinta máis cualificado/a, coa finalidade de formar un equipo humano que impulse o traballo colectivo. Neste apartado contamos cos seguintes recursos humanos: Equipo directivo , Consello Escolar, Claustro de Profesores, Persoal non Docente, Equipos de Ciclo, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Departamento de Orientación, EOE, Servizos Sociais, UAMI (Unidade de Atención aos Inmigrantes), ONGS, ANPA a través do Consello, familias cooperando co centro, organismos externos e o Servizo municipal de Educación.

➤ Recursos materiais

Os espazos, materias e o presuposto económico serán os recursos materiais que empregaremos para unha xestión eficaz do centro. O presente documento desenvolve o uso dos espazos. Entre eles atopámonos con: Biblioteca, aula de audiovisuais, material impreso e xogos de diferentes tipos, material confeccionado polo propio alumnado, aula e material de música, aula de idiomas, ximnasio, horta e patio escolar.

➤ **Recursos económicos**

O Orzamento da Consellería de cultura, educación e OU. A Dirección xunto coa Comisión Económica axustará os presupostos dispoñibles para poder acadar os máximos obxectivos propostos e que sexan susceptibles de dispor dun financiamento extraordinario.

4 Concreción anual do PEC

- Estudo pormenorizado dos cambios producidos nos últimos anos con respecto das características do contorno, das familias e do alumnado para que os fins e as intencións educativas concorden co a identidade do centro.
- Adecuación dos obxectivos xerais das etapas educativas ao contexto socioeconómico e cultural do Centro e ás características do alumnado.
- Actualización das Normas de Organización e Funcionamento do centro.
- Acadar unha educación baseada na realidade.
- Desenvolar a capacidade de expresarse.
- Utilizar con fluidez as dúas linguas oficiais, e coñecemento e emprego da lingua estranxeira.
- Fomentar a adquisición de hábitos de estudo e traballo.
- Desenvolar nos alumnos/as actitudes para a convivencia.
- Fomentar o traballo en equipo, axudándose uns aos outros.
- Desenvolar nos alumnos/as unha actitude crítica ante os medios de comunicación.
- Espertar o gusto polas actividades artísticas e culturais.
- Respetar o medio ambiente e colaborar cos hábitos de limpeza, evitando no máis posible a contaminación.

5 Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEAE

Figuran no Plan de traballo do Departamento de Orientación.

6 Organización pedagóxica



8 Plan de actuación dos órganos de goberno e participación.

8.1 Equipo Directivo

➤ Composición:

Cargo	Nome e apelidos
Directora	Nerea Álvarez Ferro
Xefe de estudos	José Rubén Barrán Ferreiro
Secretaria	Eva Blanco Fernández

➤ Obxectivos:

- Atender ao profesorado nas demandas persoais e profesionais para que realicen o seu traballo nun entorno agradable.
- Fomentar a educación non discriminatoria, no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e a igualdade de oportunidades, respectando a diversidade e a inclusión.
- Promover a educación para a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, na igualdade de trato e non discriminación das persoas e a coeducación.
- Favorecer a convivencia escolar e propiciar un clima de diálogo e boas relacións persoais que asegure a participación e o traballo en grupo,

avanzando no respecto entre todos os membros da comunidade educativa.

- Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos.
- Desenvolver a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- Asegurar a prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- Promover a sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Organizar os órganos de participación e fixar as reunións correspondentes.
- Facilitar ao profesorado toda a documentación posible para levar a cabo o seu labor.
- Elaborar as propostas da P.X.A. e Memoria Final de Curso.
- Establecer os criterios para a elaboración do Proxecto de Presuposto Económico.
- Xestionar os recursos existentes e velar polo bo funcionamento do centro.
- Establecer unha planificación mensual cos calendarios de reunións dos distintos estamentos do centro.
- Axilizar as tarefas burocráticas.
- Adecuar a estrutura organizativa para favorecer a consecución dos obxectivos e a implicación do profesorado.
- Informar aos membros da comunidade educativa da toma de decisións importantes.
- Buscar os canles necesarios para presentar e defender os puntos de vista do alumnado, profesorado, persoal non docente, pais e nais e dos órganos de participación e representación.
- Buscar a maneira de perfeccionarse, para estar preparados a buscar novas ideas.
- Comprometerse coa implicación no centro de todos os membros da

comunidade escolar.

- Manter e potenciar os canles para difundir a información, a normativa, as propostas curriculares e a xestión económica de xeito puntual, fiable e actualizada aos membros da comunidade escolar.
- Atender ás familias con asuntos relacionados cos servizos complementarios.
- Xestionar as necesidades de reparacións, reposicións e estado xeral dos edificios e patios, controlando a súa execución e o axuste ás normas establecidas, preservando a seguridade do alumnado sen renunciar á estética.
- Acondicionar os espazos do centro que precisan reordenación por cambios na utilización.

➤ **Calendario de reunións do Equipo Directivo e horario de atención ao público**

O equipo directivo reunirse os mércores ás 09:00 h para coordinar as súas funcións, así como cantas veces sexa preciso para coordinar as actividades do centro.

O horario de atención ás familias será o seguinte:

Dirección	De luns a venres de 9:00 a 9:50 (con cita previa).
Xefe de estudos	De luns a venres de 9:00 a 9:50 (con cita previa).
Secretaria	Luns 9:00 a 9:50 e de 13:10 a 13:45 h. Mércores e Xoves: 9:00 a 9:50 h.

8.2 Claustro

O Claustro de Profesores é o órgano propio de participación dos mestres no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.

As decisións de carácter pedagóxico que marcarán a marcha do curso, serán tomadas no Claustro, formando un equipo de traballo que debe coñecer a situación pedagóxica así como calquera información, iniciativa, instrución da consellería, ou calquera outra proposta de organismos que incidan no desenvolvemento curricular do curso.

O Claustro será o órgano de máxima responsabilidade e participación do centro. As decisións tomaranse derivadas do debate e consenso, a partir das propostas ou iniciativas de calquera dos seus membros. A diversidade do Claustro, será unha característica enriquecedora procurando un equipo de traballo cooperativo baseado no respecto á convivencia e á opinión allea. As liñas prioritarias de traballo estarán encamiñadas a promover e contribuír a formación integral do alumnado.

➤ **Funcións do Claustro de mestres/as:**

- Elevar ao Equipo Directivo propostas para a elaboración da P.X.A.
- Aprobar os aspectos docentes da P.X.A. e informar antes da súa presentación ao Consello Escolar.
- Aprobar a revisión das Programacións Didácticas de Ciclo.
- Avaliar a Programación Didáctica dos Ciclos e niveis.
- Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica.
- Participar na planificación da formación do profesorado do Centro.
- Elixir os seus representantes no Consello Escolar.
- Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos.
- Aprobar a planificación xeral das sesión de avaliación.
- Analizar e valorar a marcha xeral e a situación económica do centro.
- Analizar e valorar a evolución do rendemento escolar xeral do centro a través dos resultados das avaliacións.
- Coñecer as relacións do centro coas institucións do seu entorno.
- Analizar e valorar os resultados da avaliación que do centro realice a administración educativa ou calquera informe referente á marcha do mesmo.

- Valorar a eficacia da C.C.P.
- Participar nas accións necesarias que fomenten o progreso do centro.
- Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integración e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

➤ **Calendario de reunións do Claustro de profesorado:**

Celebraranse todas as reunións estipuladas pola Consellería de acordo co Decreto 374/1996 do 17 de outubro, DOG 7/11/96 e a Orde do 22 de xullo de 1997, DOG 2/9/97.

As reunións ordinarias celebraranse unha ao trimestre cando menos, preferiblemente os 4º luns de mes e de 16:00 a 17:00. As reunións extraordinarias convocaranse cando sexa preciso para o bo funcionamento do centro.

➤ **Adscrición funcional do profesorado.**

EDUCACIÓN INFANTIL	
4ºA Laura Vázquez Moreira	6ºA Leticia Solla Pena
4ºB Diana Freire Casalderrey	6ºB Delia Villar Vernes
5ºA Miren Nerea Mardones de Dios	Apoio: Dolores Catoira Romero
5ºB Nieves Fachal Andrade	Apoio: María Camila León Lestón

EDUCACIÓN PRIMARIA	
1ºA Laura Andrade Pérez	4ºA María Elena Cardeñoso Rojo
1ºB Paula Hernández Basterrechea	4ºB Eva Rincón-Benzalá Peña
2ºA María Nieves Villar Garrote	5ºA Sergio Lozano Guitián
2ºB Patricia Prado García	5ºB Margarita Moreira Lavandeira
3ºA Rosa Tenreiro Sande	6ºA RocíoCuñarro Neira
3ºB Dayrén Mosquera Suárez	6ºB Barreiro Sabajanes, María de los Ángeles

PROFESORADO ESPECIALISTA	
Educación Física	José Rubén Barrán Ferreiro
Educación Física	Fabián Canosa Pasantes
Lingua Inglesa	José Luis García Prado
Lingua Inglesa	M ^a Concepción Cascón Bravo.
Educación Musical	Nerea Álvarez Ferro.
Relixión Católica	Almudena Santos Flórez.
Relixión Evanxélica	Lidia Otero Maurense.
Orientadora	Cristina De la Iglesia Soriano.
AL	María Pérez Fernández.
AL compartida	Dolores Gil Calvo.
AL atención preferente	Lucía Bello Pardo.
AL atención preferente	Nuria Garrote Armada
PT	M ^a Fernanda Patiño Costa.
PT	Irene Candía Bouso.
PT atención preferente	Eva Blanco Fernández.
PT atención preferente	M ^a de la Merced López Real
PROA +	Lucía López Lage

8.3 Consello Escolar

Este órgano recolle os representantes das institucións que interveñen na comunidade educativa e que agrupan e forman o sistema de coordinación dos aspectos organizativos da vida do centro dende a toma de decisións nos ámbitos que lle corresponden en relación á organización do centro, ata o mantemento e bo estado das instalacións. As súas funcións recóllense no “*artigo 127: competencias do consello escolar*” da actual Lei orgánica 3/2020, do 29 de

decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

➤ **Composición:**

CONSELLO ESCOLAR	
Presidenta/Directora	Dna. Nerea Álvarez Ferro
Xefe de estudos	D. José Rubén Barrán Ferreiro
Secretaria	Dna. Eva Blanco Fernández
Representantes do profesorado	Dna. Cristina de la Iglesia Soriano Dna. María Pérez Fernández Dna. Lucía Bello Pardo D. José Luis García Prado Dna. Lidia Otero Maurente
Representantes dos pais/nais	Dna. María Aranzazu Sánchez Represa– Presidenta Dna. Begoña Abel Otero Dna. Monserrat Veleiro Arias Dna. Rosa Mª Sánchez Alonso
Representante do persoal de administración e servizos (PAS)	Dna. Delia Casal Rodríguez
Representante do Concello	-

➤ **Funcións do Consello Escolar:**

- Decidir sobre a admisión do alumnado, baremar as solicitudes, publicar as listas de admitidos/as e atender e decidir sobre as reclamacións.
- Establecer as directrices para a elaboración do PE e das NOF do centro.
- Garantir as normas de convivencia do centro.
- Revisar, se procede, a resolución dos procedementos disciplinarios impostos pola dirección do centro.
- Aprobar o Proxecto do Presupuesto Anual.
- Aprobar e avaliar a P.X.A.
- Analizar e avaliar o funcionamento xeral do centro.
- Informar e aprobar a Memoria Final de Curso.
- Coñecer as relacións do centro coas institucións do seu entorno.
- Analizar e valorar os resultados da avaliación que do Centro realice a

Administración Educativa ou de calquera informe referente á marcha do mesmo.

➤ **Calendario de reunións do Consello Escolar:**

Celebraranse todas as reunións estipuladas pola Consellaría de acordo co Decreto 374/1996 do 17 de outubro, DOG 7/11/96 e a Orde do 22 de xullo de 1997, DOG 2/9/97. Terán lugar os luns en horario de 17:00 a 18:00, poden sufrir variacións atendendo ás necesidades específicas da maioría dos membros que así o soliciten.

Así mesmo, as reunións extraordinarias convocaranse cando sexa preciso para o bo funcionamento do centro e poderase variar o horario.

8.4 Comisión Económica

A Comisión informará ao Consello sobre cantas materias de índole económica lle sexan encomendadas.

➤ **Composición:**

COMISIÓN ECONÓMICA	
Presidenta/ Directora	Dna. Nerea Álvarez Ferro
Secretaria	Dna. Eva Blanco Fernández
Representante do profesorado	D. José Luís García Prado
Representante dos pais/nais	Dna. Montserrat Veleiro Arias

➤ **Calendario de reunión:**

Reunirse cando proceda a revisión de contas e orzamento do centro.

8.5 Comisión de convivencia

➤ **Composición:**

COMISIÓN DE CONVIVENCIA	
Presidenta/ Directora	Dna. Nerea Álvarez Ferro
Secretaria	Dna. Eva Blanco Fernández
Representante do profesorado	Dna. Lucía Bello Pardo
Representante dos pais/nais	Dn. Rosa M ^a Sánchez Alonso

➤ **Funcións da Comisión de Convivencia:**

Os establecidos no punto 4 do artigo 6 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

9. Plan de actuación dos órganos de coordinación docente

9.1 Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)

➤ **Composición:**

COMPOÑENTES DA CCP	
Directora e coordinadora E-dixgal	Nerea Álvarez Ferro
Xefe de estudos e coordinador do Equipo de TIC e coordinador Abalar	José Rubén Barrán Ferreiro
Secretaria e mestra especialista PT	Eva Blanco
Departamento de Orientación	Cristina de la Iglesia Soriano (Orientadora) María Pérez Fernández (AL) Lucía Bello Pardo (AL) Nuria Garrote Armada (AL) Fernanda Patiño Costa (PT) Irene Candía Bouso (PT) M ^a Merced López Real (PT)

Coordinadores de ciclo	Dolores Catoira Romero (Coord. Ed. Infantil) Laura Andrade Pérez (Coord. 1ºciclo) Mª Elena Cardeñoso Rojo (Coord. 2ºciclo) Rocío Cuñarro Neira (Coord. 3ºciclo e Programa “Radio na Biblio”.)
Coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega	Ledicia Solla Pena
Coordinadora do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e do Proxecto Muse.	Lidia Otero Maurense
Coordinadora do Equipo de Biblioteca	Patricia Prado García
Coordinador do Proxecto Voz Natura	Fabián Canosa Pasantes
Coordinadora Medio Ambiente	Mª Concepción Cascón Bravo
Coordinadora Plurilingüismo e Auxiliar de Conversa	Mª Concepción Cascón Bravo

Como secretaria da CCP desígnase a Lidia Otero Maurense. Ademais dos membros oficiais, a directora poderá invitar a participar nas reunións a aqueles membros/as que considere necesarios para o mellor funcionamento de dito órgano. O seu réxime de funcionamento segue a ser regulado polo título IV do Decreto 374/1996 do 17 de outubro.

➤ **Funcións da Comisión de Coordinación Pedagóxica**

- Servir de canle de información entre o equipo directivo e o profesorado, exercendo a coordinación entre os diferentes equipos docentes colaborando no estudo e desenvolvemento dos currículos e proxectos.
- Diseñar as directrices xerais para a elaboración e revisión do Proxecto Educativo, así como o calendario de actuacións.

- Establecer directrices para a elaboración das programación didácticas, do plan de acción tutorial e das adaptación curriculares.
- Establecer directrices para a elaboración da PXA e das Memorias finais.
- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realice conforme aos criterios establecidos polo claustro.
- Canalizar as necesidades de formación do profesorado.
- Coordinar os aspectos pedagóxicos da actividade docente.

➤ **Proposta de datas de avaliación para o curso 2023-2024**

1ª AVALIACIÓN	
PERÍODO: 11 SETEMBRO – 21 DECEMBRO	
Infantil	4 de DECEMBRO
1º, 2º e 3º nivel	11 de DECEMBRO
4º, 5º e 6º nivel	18 de DECEMBRO
Entrega de notas: 21 de DECEMBRO	
Aplicación aberta en XADE para meter as notas: 1 de DECEMBRO	
2ª AVALIACIÓN	
PERÍODO: 8 XANEIRO – 22 MARZO	
Infantil	4 de MARZO
1º, 2º e 3º nivel	11 de MARZO
4º, 5º e 6º nivel	18 de MARZO
Entrega de notas: 22 de MARZO	
Aplicación aberta en XADE para meter as notas: 1 de MARZO	
3ª AVALIACIÓN	
PERÍODO: 2 ABRIL – 21 XUÑO	
Infantil	3 de XUÑO
1º, 2º e 3º nivel	10 de XUÑO

4º, 5º e 6º nivel	17 de XUÑO
Entrega de notas: 21 de XUÑO	
Aplicación aberta en XADE para meter as notas: 1 de XUÑO	

Os mestres ou mestras que teñan garda o mesmo día que hai avaliación dispoñerán de liberación horaria para poder exercer as súas funcións.

- **Elección das diferentes datas de conmemoracións segundo o calendario escolar:**

DATAS DE CONMEMORACIÓNS CURSO 2023/2024	
SAMAÍN/HALLOWEEN	Semana do 31/10 ao 3/11
MAGOSTO	Venres, 3 de novembro
NADAL	Xoves, 21 de decembro.
PAZ	Martes, 30 de xaneiro.
ENTROIDO	Venres, 9 de febreiro. (*semana do 5 febreiro, meco)
SEMANA DA MULLER	Semana 4 – 10 marzo.
DÍA DO LIBRO	Martes, 23 de abril.
LETRAS GALEGAS	Xoves, 16 de maio.
FIN DE CURSO	Venres, 21 de xuño
GRADUACIONES	19/06: 6º Ed. Infantil 20/06: 6º E.P.

9.2 Equipos de Ciclo.

Equipo de Educación Infantil	Laura Vázquez Moreira Diana Freire Casalderrey Miren Nerea Mardones de Dios Nieves Fachal Andrade
-------------------------------------	--

	<p>Ledicia Solla Pena Delia Villar Veres Camila León Lestón Dolores Catoira Romero M^a Concepción Cascón Bravo M^a Mercedes López Real</p>
1º ciclo	<p>Laura Andrade Pérez Paula Hernández Basterrechea M^a Nieves Villar Garrote Patricia Pardo García Nerea Álvarez Ferro María Pérez Fernández Fernanda Patiño Costa Fabián Canosa Pasantes</p>
2º ciclo	<p>Rosa Tenreiro Sande Dayren Mosquera Suárez M^a Elena Cardeñoso Rojo Eva Ricón-Benzala Peña José Luis García Prado Lidia Otero Maurenre José Rubén Barrán Ferreiro Nuria Garrote Armada Irene Candía Bouso</p>
3º ciclo	<p>Sergio Lozano Guitián Margarita Moreira Lavandeira Rocío Cuñarro Neira M^a Ángeles Barreiro Sabajanes Lucía Bello Pardo Eva Blanco Fernández Almudena Santos Flórez Cristina de la Iglesia Soriano</p>

9.3 Departamento de Orientación

- Cristina de la Iglesia Soriano (coordinadora)
- Dolores Catoira Romero
- María Pérez Fernández
- Fernanda Patiño Costa
- M^a Merced López Real
- Nuria Garrote Armada
- Lucía Bello Pardo
- Eva Blanco Fernández
- Irene Candía Bouso
- Laura Andrade Pérez
- M^a Elena Cardeñoso Rojo
- Rocío Cuñarro Neira

10 Xornada escolar e horario do centro


O CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma é un centro con xornada lectiva continuada. O horario lectivo do centro de luns a venres abrangue desde ás 9:00 até ás 14:00 horas. A xornada divídese en seis sesións docentes, sesión de recreo de 30 minutos e o período lector de 20 minutos.

SESIÓN	DURACIÓN
1ª sesión	09:00-09:50
2ª sesión	09:50-10:40
3ª sesión	10:40-11:30
Recreo	11:30-12:00
Proxecto Lector	12:00-12:20
4ª sesión	12:20-13:10
5ª sesión	13:10-14:00

Durante as tardes, o centro permanece aberto de 16:00 a 18:00 horas para a realización de actividades tanto educativas como extraescolares.

O alumnado transportado chega ao centro sobre das 08:50 horas sendo custodiado polo profesorado de garda de transporte, quen os recolle e os acompaña a aula.

Ao comezo da xornada escolar, todo o alumnado subirá por orden de aulas ao sonar a música. A persoa encargada de collerao alumnado na fila será aquel profesor/a que lle toque dar clase na 1ª ou 4ª sesión (despois do recreo). Os cursos quedarán colocados do seguinte xeito.



Ademais, o centro conta con servizo de Madrugadores dende as 7:30 horas; organizado pola ANPA, o cal recibe ao alumnado ata ás 8:10. Entre as 14:00 e as 16:00 horas ofrécese servizo de comedor escolar e entre as 16:00 a 18:00 horas, actividades extraescolares organizadas polo Concello. A partir das 18:00h, as instalacións exteriores do centro son cedidas a equipos e asociacións da zona: Quendas de vixilancia no transporte, nos recreos, no proxecto lector e nas gardas de tarde

➤ Gardas de transporte

GRUPOS DE GARDA DE TRANSPORTE 2023/2024										
LUNS			MARTES		MÉRCORES		XOVES		VENRES	
ENTRADA 8:45	Entrada por torreón e cada un a súa aula	Lidia Loli	ENTRADA	Ledi Nerea G	ENTRADA	Laura V Mila	ENTRADA	Delia Conchi	ENTRADA	Laura Nieves Fachal
	FILAS 1º/2º	Patri		Fabián		Dayrén		Malena		Eva Rincón
SAÍDA 13:50	Recollida dos nenos/as de infantil, 1º e 2º	Almudena Nerea A	SAÍDA	Paula María Pérez	SAÍDA	Cristina Rosa	SAÍDA	Fernanda María López	SAÍDA	Lucía Bello Nuria Garrote
	Torreón (Sinal para saír o bus)	Eva B		Sergio		Luis		Rubén		Rocío

➤ Gardas de recreo: 11:30-12:00 h.

ZONA DE GARDA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
Areiro	Diana	Laura V	Nerea G	Nieves F
Xogos de infantil	Ledi	Delia	Fernanda	Mila
Porcheinf.	María L	Rubén	Nerea A	Nerea A
Campo de herba	Fabián	Nuria	Laura	Paula
Campo de herba	Lidia	María P	Almudena	Nieves V
Biblioteca	Rosa	Patri	Loli	Eva R
Pavillón	Rocío	Sergio	Marga	Lucía López
Pista descuberta	Irene	Ángeles	Lucía B	Cris
Pista descuberta	Malena	Irene	Rubén	Dayrén
Invernadoiro	Conchi	Conchi	Conchi	Eva B
Galiñeiro	Luis	Fabián	Luis	Luis

Rotación dos venres

ZONA DE GARDA	R1	R2	R3	R4
Areiro	Nieves F	Diana	Nerea G	Laura V
Xogos de infantil	Ledi	Delia	Fernanda	Mila
Porcheinf.	María Dolores	María L	Nerea A	María Dolores

Campo de herba	Nuria	Nieves V	Laura	Paula
Campo de herba	Lidia	María P	Fabián	Almudena
Biblioteca	Rosa	Patri	Loli	Eva R
Pavillón	Rocío	Sergio	Marga	Lucía López
Pista descuberta	Fabián	Ángeles	Lucía B	Cris
Pista descuberta	Malena	María Dolores	María Dolores	Dayrén
Invernadoiro	Conchi	Conchi	Conchi	Conchi
Galiñeiro	Luis	Luis	Luis	Luis

En caso de choiva o alumnado ocupará as zonas cubertas seguindo a seguinte distribución:

- Infantil: porche traseiro.
- 1º, 2º, 5º e 6º de Primaria: pista polideportiva cuberta.
- 3º e 4º de Primaria: peteiro.

➤ **Gardas de lectura: 12:00-12:20**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
4ºA INF	Laura V	Loli	Laura V	Laura V
4ºB INF	Mila	Diana	Diana	Diana
5ºA INF	Nerea G	Nerea G	Mila	Nerea G
5ºB INF	Nieves F	Nieves F	Nieves F	Loli
6ºA INF	Almudena	Ledi	Ledi	Ledi
6ºB INF	Delia	Lidia	Delia	Delia
1ºA	Laura	Laura	Cris	Laura
1ºB	Paula	Paula	Paula	Nuria
2ºA	Nieves V	Nieves V	Nieves V	Fabián
2ºB	Patri	María L	Patri	Patri
3ºA	María P	Rosa	Rosa	Rosa
3ºB	Dayrén	Dayrén	Dayrén	Fernanda
4ºA	Lucía López	Malena	Malena	Malena
4ºB	Eva R	Eva R	Eva R	Lidia
5ºA	Sergio	Almudena	Sergio	Sergio
5ºB	Marga	Marga	Irene	Marga
6ºA	Lucía B	Rocío	Rocío	Rocío
6ºB	Ángeles	Eva B	Ángeles	Ángeles

➤ **Gardas de tarde**

GARDAS DE TARDE CURSO 2023/24 de 16:00 a 18:00 horas											
NEREA A / EVA B			Lucía B / Nuria G			Almudena / Lidia			Rosa / Dayrén		
12 set	13 out	16 nov	13 set	17 out	17 nov	14 set	18 out	21 nov	15 set	19 out	22 nov
9 xan	8 feb	14 mar	10 xan	9 feb	15 mar	12 xan	15 feb	19 mar	11 xan	16 feb	20 mar
23 abr	7 xuño		24 abr	29 maio		26 abr	30 maio		25 abr	31 maio	
Patri / Nieves V			Paula / Laura			Laura V / Diana			Nieves F / Nerea G		
19 set	20 out	23 nov	20 set	24 out	24 nov	22 set	25 out	28 nov	21 set	26 out	29 nov
26 xan	20 feb	21 mar	17 xan	21 feb	22 mar	18 xan	22 feb	2 abr	19 xan	23 feb	3 abr
30 abr	4 xuño		2 maio	5 xuño		3 maio	6 xuño		7 maio	28 maio	
Delia / Ledi			Malena / Eva R			Rubén / Fabián			Sergio / Marga		
26 set	27 out	30 nov	27 set	31 out	1 dec	28 set	2 nov	5 dec	29 set	3 nov	12 dec
23 xan	27 feb	5 abr	24 xan	28 feb	4 abr	25 xan	29 feb	9 abr	16 xan	12 mar	10 abr
8 maio	11 xuño		9 maio	12 xuño		10 maio	13 xuño		14 maio	18 xuño	
Rocío / Ángeles			Cris / Fernanda			María P / María L			Loli / Mila		
6 out	7 nov	13 dec	4 out	8 nov	14 dec	5 out	9 nov	15 dec	3 out	10 nov	19 dec
30 xan	5 mar	11 abr	31 xan	6 mar	12 abr	1 feb	7 mar	16 abr	2 feb	8 mar	17 abr
15 maio	14 xuño		16 maio	19 xuño		21 maio	20 xuño		22 maio		
Conchi / Luis			Irene / Proa +								
11 out	14 nov	20 dec	10 out	15 nov	21 dec						
6 feb	1 mar	18 abr	7 feb	13 mar	19 abr						
24 maio			23 maio								

11 Alumnado non recollido unha vez rematadas as actividades lectivas

A responsabilidade do profesorado abrangue de 09:00 a 14:00 horas. Nos períodos anterior e posterior de entrada e saída, a garda e custodia dos fillos/as

é responsabilidade dos pais/nais ou titores/as legais, a non ser que o neno/a estea en servizo de madrugadores, comedor ou actividades extraescolares. En casos de reincidencia no incumprimento do horario por parte das familias tomaranse as medidas pertinentes con notificación ás autoridades competentes.

12 Cesión de instalación

As nosas instalacións durante todo o ano son cedidas ao club de fútbol da zona "Batallador" nos seguinte horario: martes e xoves de 18 a 19 horas. Nos meses de verán (de xuño a setembro) as instalacións son cedidas para a realización dos programas de Ocio de Campacoles organizados polo Concello de A Coruña.

13 Programas educativos.

13.1 Programas da Consellería de Educación.

Durante o presente curso no centro desenvolveranse os seguintes seguintes programas educativos.

➤ CPinova:

- Eduinnova: O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente.
- Edusaúde: O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables.
- Edusostibilidade: O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)

➤ CPInlúe:

- Inlúe-T: Eliminar ou minimizar, de ser o caso, as barreiras que, derivadas de condicións persoais ou sociais do alumnado

➤ Plan Proxecta:

- Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD)

13.2 Outros programas

➤ Proxecto Muse:

Proxecto de intervención educativa a través da arte, que parte da utilización das artes como ferramenta para o traballo nos centros educativos e contempla o desenvolvemento da intelixencia emocional, como fonte que pretende fomentar a cohesión social, e loitar contra a posible exclusión de nenos e nenas que viven en ambientes desfavorecidos.

14 Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).

Levaranse a cabo dúas liñas de formación centradas na competencia didáctica:

a) Metodoloxías didácticas comúns entre Educación Infantil e Educación Primaria: a ABX.

Esta liña formativa centrase en procurar ferramentas comúns entre as dúas etapas educativas, que favorezan unha transición respectuosa co alumnado e Incorporar estratexias metodolóxicas de aula que favorezan a inclusión de propostas de ABX.

b) Polos creativos.

Pretende achegar ao profesorado u uso técnico e didáctico dalgún dos recursos de polos creativos con que a Consellería vai dotar aos centros educativos.

15 Plan de traballo dos ciclos.

15.1 Plan de traballo de Educación Infantil.

➤ Compoñentes do equipo

- Laura Vázquez Moreira (titora de 4ºA)
- Diana Freire Casalderrey (titora de 4ºB)
- Nerea García de Dios Mardones (titora de 5ºA)
- Mª Nieves Fachal Andrade (titora de 5ºB)
- Leticia Solla Pena (titora de 6ºA)
- Delia Villar Veres (titora de 6ºB)
- María Camila León Lestón (apoio)
- Dolores Catoira Romero (apoio e coordinadora do ciclo)
- Mª de la Merced López Real (pedagogía terapéutica)
- Mª Concepción Cascón Bravo (inglés).

➤ **Obxectivos do ciclo**

- Revisar as programacións didácticas e facer as correccións oportunas.
- Formular propostas ao equipo directivo para a elaboración da PXA.
- Promover normas básicas de convivencia.
- Incidir nas rutinas de hixiene facendo fincapé na prevención de enfermidades.
- Fomentar, no alumnado, o coidado do entorno e a necesidade de protexer o medio ambiente.
- Coidar o material escolar dun mesmo e do resto de compañeiros e compañeiras.
- Acoller a todas as individualidades, favorecendo a integración, respectando os ritmos e as formas de ser e de estar.
- Solicitar a colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación, na busca de solucións para tratar ao alumnado que presente problemas ou dificultades de aprendizaxe.
- Participar no desenvolvemento do proxecto común de centro "Os estilos artísticos", a través das distintas actividades que se propoñan.
- Seguir fomentando o interese pola lectura con diversas actividades de aula: contacontos, dramatizacións...
- Diseñar actividades encamiñadas ao fomento das TIC's.
- Informar ás familias da evolución dos seus fillos/as, así como das actividades que se propoñan, facilitando sempre a súa participación no proceso educativo.
- Potenciar o uso da biblioteca.

➤ **Calendario de reunións**

Celebraranse todas as reunións estipuladas pola Consellaría de acordo co Decreto 374/1996 do 17 de outubro e a Orde do 22 de xullo de 1997, DOG 2/9/97, principalmente unha vez ao mes.

Terán lugar os luns en horario de 16:00 a 17:00, poden sufrir variacións atendendo ás necesidades específicas da maioría dos membros que así o soliciten.

Así mesmo, as reunións extraordinarias convocaranse cando sexa preciso para o bo funcionamento do centro e poderase variar o horario.

➤ **Programación de actividades por trimestres**

1º Trimestre	Samaín, Magosto e Nadal
2º Trimestre	Paz, Entroido e Día de Rosalía
Durante o 1º e 2º trimestre levarase a cabo o “Proxecto MUS-E” coas especialidades “circo e teatro” para 5º e 6º (pendentes de confirmar as sesións).	
3º Trimestre	Día do Libro, Letras Galegas e excursión de fin de curso.

Durante todo o curso:

- Solicitáronse diferentes actividades e saídas, maioritariamente relacionadas cos contidos do currículo e co PDI do centro, estando aínda a espera de ser aceptadas e ter data.
- Levaranse actividades integradas no **PDI** do centro “Os estilos artísticos” de maneira integrada nas diferentes áreas do currículo. Cada clase investigará acerca dun estilo artístico xunto cunha obra e artista.
- Levaranse a cabo actividades de promoción e estilos de vida saudable xunto co **Proxecto de Vida Activa e Deportiva** dos plans proxecta do centro.
- As accións previstas por este equipo para levar a cabo o proxecto das **TIC's** no centro será a utilización habitual nas clases do material dixital propio do encerado dixital interactivo e o manexo básico do mesmo.

- Participaremos nas diferentes actividades programadas e propostas polo Equipo de **Actividades Complementarias e Extraescolares** do centro, así como nas que propoña o Equipo de **Dinamización da Lingua Galega** o Equipo de **Convivencia**, o equipo de **Biblioteca**...
- Intentamos levar a cabo unhas actividades que teñan como obxectivo promover a **inclusión** de acordo co Contrato Programa Inclúe-Te.
- Algunhas accións previstas para promover o **Plan Lector** serían as seguintes:
 - Cumprimento do tempo establecido para a lectura diaria na aula.
 - Uso das bibliotecas de aula e centro, respectando as normas das mesmas.
 - Colaboración e coordinación cos outros equipos docentes nas distintas celebracións relacionadas cos libros.

➤ **Criterios de avaliación**

A avaliación das actividades propostas realizaranse tendo en conta os criterios establecidos polo profesorado do ciclo.

Farase unha valoración do grao de adecuación para os distintos niveis e grupos.

Unha análise de participación do profesorado, alumnado e familias no seu desenvolvemento e atenderase ao nivel de consecución dos obxectivos propostos para poder facer correccións e seguir as medidas de mellora que se consideren oportunas.

Faranse as reunións de avaliación pertinentes ao final de cada trimestre, nas que ademais das profesoras de EI, participaran os mestres/as especialistas do ciclo, xefe de estudos e a Xefa do Departamento de Orientación.

➤ **Plan de intervención do apoio a EI**

O equipo de Educación Infantil conta con dúas mestras de apoio para 6 aulas de EI, cun traballo coordinado co fin de garantir a necesaria unidade da acción educativa.

➤ **Período de adaptación**

O alumnado de Educación Infantil que se incorporou ao Centro por primeira vez, ata o 15 de setembro, tivo flexibilidade horaria, debido ao Período de Adaptación, recollido na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, no punto 4 do capítulo II. Dito período de adaptación quedou distribuído do seguinte xeito:

a) Obxectivos:

- Dar a coñecer o centro aos novos alumnos/as e ás súas familias.
- Proporcionar aos pais/nais pautas para a preparación do neno/a no comezo da súa escolaridade.
- Proporcionar ás familias a información necesaria sobre o segundo ciclo da educación infantil.

b) Contidos:

- Período de adaptación.
- Hábitos de autonomía persoal.
- Finalidade da etapa.

c) Actividades:

- Entrega de circular coas pautas de actuación sobre a preparación do neno para o comezo na escola.
- Charla informativa aos pais sobre:
 - Período de adaptación.
 - Funcionamento e normas.
 - Escolaridade dos seus fillos.
- Acollemento dos nenos durante 30 minutos ao longo dunha semana.

d) Temporalización:

Terceiro trimestre do curso:

- Entrega de información.
- Información e pautas.

- Primeiros días do curso seguinte:
- Charla informativa sobre o período de adaptación e inicio do curso.
- Presentación das titoras e das aulas que corresponden.

e) Planificación do período de adaptación

Mes de xuño

No mes de xuño citarase ás familias a unha reunión que terá lugar nos primeiros días de xuño. Será unha charla informativa sobre:

- Escolaridade dos seus fillos.
- Explicación do período de adaptación
- Funcionamento do centro e normas.
- Hábitos de autonomía persoal.

Invitarase aos pais a que traian aos seus fillos/as a segunda semana de xuño para que permanezan de 13:00 a 13:30 cos outros alumnos no recreo, acompañados polos seus pais.

Mes de setembro

Nos primeiros días de setembro citarase ás familias para outra reunión. Ese día presentaranse os dous grupos de tres anos e as titoras que lle corresponden. Indicarase o grupo que lle corresponde a cada alumno e a quenda na que lle toca comezar e explicaranse todas as dúbidas que poidan ter as familias. A organización do período de adaptación deste curso foi o seguinte:

PERIODO DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO DE 4º DE INFANTIL	
LUNS 11	9:10-10:10 GRUPO A
	10:20-11:20 GRUPO B
	12:30-13:30 GRUPO C
MARTES 12 MÉRCORES 13	9:15-10:45 GRUPO D
	11:00- 12:45 GRUPO E
	13:00-13:45 TITORIAS INDIVIDUAIS COAS FAMILIAS
XOVES 14 VENRES 15	9:15-11:00 TODOS
	11:30-13:45 TITORIAS INDIVIDUAIS COAS FAMILIAS

15.2 Plan de traballo 1º ciclo de Educación Primaria.

➤ **Compoñentes do equipo**

- Fabián Canosa (EF),
- Nerea Álvarez Ferro (Música),
- Fernanda Patiño Costa (Pedagogía Terapéutica),
- M^a Pérez Fernández (Audición e Linguaxe)
- Patricia Prado García (titora de 2ºB),
- M^a Nieves Villar Garrote (titora de 2ºA),
- Paula Hernández Basterrechea (titora de 1ºB),
- Laura Andrade Pérez, (titora de 1ºA e coordinadora do ciclo).

➤ **Obxectivos do ciclo**

Os obxectivos xerais propostos polo equipo docente do 1º ciclo para o curso son:

- Revisar as programacións didácticas e facer as correccións oportunas.
- Continuar a traballar o Plan Lector e as TIC na programación.
- Axudar aos nenos e nenas a resolver de forma pacífica os conflitos que xurdan en calquera ámbito escolar, promovendo as relacións sociais de forma segura.
- Mellorar a actitude de atención e respecto do alumnado.
- Incidir nun comportamento axeitado durante os desprazamentos dos alumnos/as polo centro
- Promover e concienciar ás familias da importancia que ten un descanso nocturno axeitado e un bo almuerzo pola mañá no rendemento escolar dos seus fillos/as.
- Fomentar, no alumnado, o coidado do entorno e a necesidade de protexer o medio ambiente, inculcando, especialmente, a reciclaxe dos materiais de uso habitual como papel e cartón e o vidro.
- Crear hábitos de limpeza e aseo persoal.
- Fomentar hábitos de puntualidade no alumnado.
- Respetar as normas de convivencia do centro.
- Convivir de maneira óptima no recinto escolar.
- Coidar o material escolar dun mesmo e do resto de compañeiros e

compañeiras.

- Respetar as normas dos diferentes espazos do centro escolar
- Contribuír ao desenvolvemento de actividades do centro.
- Realizar tarefas de maneira cooperativa .
- Ter unha disposición óptima de cara as tarefas a levar a cabo.
- Desenvolver estratexias para dar resposta as dificultades que se atopan os discentes no día a día.
- Desenvolver un espírito crítico e emprendedor

➤ **Calendario de reunións**

Celebraranse todas as reunións estipuladas pola Consellaría de acordo co Decreto 374/1996 do 17 de outubro e a Orde do 22 de xullo de 1997, DOG 2/9/97, principalmente unha vez ao mes.

Terán lugar os luns en horario de 16:00 a 17:00, poden sufrir variacións atendendo ás necesidades específicas da maioría dos membros que así o solicitasen.

Así mesmo, as reunións extraordinarias convocaranse cando sexa preciso para o bo funcionamento do centro e poderase variar o horario.

➤ **Programación de actividades por trimestres**

1º Trimestre	Samaín, Magosto e Nadal
2º Trimestre	Paz, Entroido e Día de Rosalía
Durante o 1º e 2º trimestre levarase a cabo o “Proxecto MUS-E” coas especialidades “danza e teatro” para 1º curso e “teatro e circo” durante 6 sesións aproximadamente (pendente de confirmar aínda).	
3º Trimestre	Día do Libro, Letras Galegas e excursión de fin de curso.

Durante todo o curso:

- Solicitáronse diferentes actividades e saídas, maioritariamente relacionadas cos contidos do currículo e co PDI do centro, estando aínda a espera de ser aceptadas e ter data.

- Levaranse actividades integradas no **PDI** do centro “Os estilos artísticos” de maneira integrada nas diferentes áreas do currículo. Cada clase investigará acerca dun estilo artístico xunto cunha obra e artista.
- Levaranse a cabo actividades de promoción e estilos de vida saudable xunto co **Proxecto de Vida Activa e Deportiva** dos plans proxecta do centro.
- As accións previstas por este equipo para levar a cabo o proxecto das **TIC's** no centro será a utilización habitual nas clases do material dixital propio do encerado dixital interactivo e o manexo básico do mesmo.
- Participaremos nas diferentes actividades programadas e propostas polo Equipo de **Actividades Complementarias e Extraescolares** do centro, así como nas que propoña o Equipo de **Dinamización da Lingua Galega** o Equipo de **Convivencia**, o equipo de **Biblioteca...**
- Intentamos levar a cabo unhas actividades que teñan como obxectivo promover a **inclusión** de acordo co Contrato Programa InclúeTe.
- Algunhas accións previstas para promover o **Plan Lector** serían as seguintes:
 - Cumprimento do tempo establecido para a lectura diaria na aula.
 - Pequenas dramatizacións de contos.
 - Lecturas de distintos tipos de textos.
 - Uso das bibliotecas de aula e centro, respectando as normas das mesmas.
 - Colaboración e coordinación cos outros equipos docentes nas distintas celebracións relacionadas cos libros.

➤ **Criterios de avaliación**

De acordo co Decreto 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia, a avaliación dos obxectivos propostos farase empregando a observación directa, continua e globalizada que nos permitirá corrixir as formulacións que non desen o resultado previsto.

Todos os criterios de avaliación e mínimos esixibles aparecen reflectidos nas

programacións didácticas correspondentes na aplicación PROENS para cada materia e curso.

15.3 Plan de traballo 2º ciclo de Educación Primaria.

➤ Obxectivos do 2º ciclo

- Respetar as normas de convivencia do Centro.
- Acadar os obxectivos e competencias básicas establecidas para o ciclo.
- Propoñer e xestionar actividades encamiñadas ao fomento da lectura.
- Adquirir normas básicas de presentación dos traballos.
- Desenvolver estratexias que favorezan a expresión oral en lingua galega e lingua castelá.
- Potenciar o uso da biblioteca.
- Acadar unha axeitada coordinación entre os docentes tanto do ciclo, coma do nivel.
- Acordar e coordinar a participación nas actividades do centro ao longo do curso, e a relación coas familias.
- Valorar a importancia didáctica das actividades complementarias antes de levalas a cabo.
- Diseñar actividades encamiñadas ao fomento das TIC que desenvolvan a competencia de aprender a aprender.
- Informar ás familias da evolución dos seus fillos/as, así como das actividades que se propoñan, facilitando sempre a súa participación no proceso educativo.
- Desenvolver estratexias que favorezan o cálculo mental e o desenvolvemento da competencia matemática a través da manipulación.

➤ Calendario de reunións

O terceiro luns de cada mes reuniremonos os membros do equipo de ciclo e traballaremos para levar a cabo o planificado na CCP respecto das actividades, conmemoracións e festexos para ese trimestre.

➤ Compoñentes do equipo do 2º ciclo

Tenreiro Sande, Rosa	3ºA
Mosquera Suárez, Dayrén (Moscoso Camino, Alfonso, substituto)	3ºB
Cardeñoso Rojo, María Elena	4ºA
Rincón-Benzalá Peña, Eva	4ºB
Barrán Ferreiro, José Rubén	E. Física
García Prado, José Luis	Inglés
Otero Maurense, Lidia	Relixión Evanxélica
Candía Bouso, Irene	Pedagogía Terapéutica
Garrote Armada, Nuria	Audición e Linguaxe

➤ **Programación de actividades por trimestres.**

1º Trimestre

- Samaín (31 de outubro)
- Magosto: venres (11 de novembro) Castañada e xogos populares.
- Día Internacional contra a violencia de xénero (venres 25 de novembro)
- Nadal: 21 de decembro
- Investigación sobre a vida e obra do autor elixido para o PDI de Centro.
- Redacción da guía para a obra elixida.
- Comezo da interpretación da obra.

2º Trimestre:

- Entroido: (9 de febreiro). Actividades relacionadas co Meco.
- Día de Rosalía (23 de febreiro)
- Visita ao Museo de Belas Artes (4º)
- Gravación na radio da entrevista/exposición oral sobre o artista elixido para o PDI.

3º Trimestre:

- Semana das Letras Galegas (15-19 de maio)
- Visita ao Castro de Elviña (4º)

- Exposición das obras creadas para o PDI e exposicións orais das mesmas.
- Excursións programadas para fin de curso: 3º ao Ventoso e 4º a Marcelle.

Ao longo do curso o Equipo de Extraescolares irá ofertando actividades relacionadas co currículo nas que poderemos participar.

➤ **Criterios de avaliación**

As notas da avaliación de cada trimestre virán dadas por un 60% de probas escritas e 40% de rexistros de avaliación de exposicións orais, traballo nos cadernos, traballos de investigación...

A nota da avaliación ordinaria será a media ponderada das tres avaliacións.

15.4 Plan de traballo 3º ciclo de Educación Primaria.

➤ **Compoñentes:**

- Rocío Cuñarro Neira (coordinadora de ciclo e titora de 6º A)
- Mª Ángeles Barreiro Sabajanes, titora de 6º B
- Sergio Lozano Guitián, titor de 5º A
- Margarita Moreira Lavandeira, titora de 5º B
- Miguel Mosquera Villasanta, mestre de 5º B
- Almudena Santos Flórez, mestra de relixión católica
- Eva Blanco Fernández, mestra especialista en PT
- Cristina De la Iglesia Soriano, Orientadora
- Lucía Bello Pardo, mestra especialista en AL

O profesorado quedou adscrito da maneira seguinte nas distintas dinamizacións:

- Rocío Cuñarro Neira: dinamización de biblioteca (radio na biblio)
- Mª de los Ángeles Barreiro Sabajanes: dinamización lingüística
- Sergio Lozano Guitián: dinamización das tics
- Margarita Moreira Lavandeira: dinamización lingüística.
- Miguel Mosquera Villasanta: dinamización lingüística.
- Almudena Santos Flórez: dinamización de extraescolares.

- Eva Blanco Fernández: dinamización do medio ambiente.
- Cristina De la Iglesia Soriano: dinamización das tics.
- Lucía Bello Pardo: dinamización de biblioteca.

➤ **Obxectivos**

- Estudar as distintas problemáticas e conflitos que se observan en diferentes alumnos.
- Analizar as normas de organización e funcionamento, corrixir algúns puntos e redactar novas propostas.
- Reflexionar sobre as distintas propostas que xorden da Comisión Pedagóxica e das diferentes dinamizacións.
- Coordinar, sobre todo os titores e titoras, os contidos académicos a desenvolver e sobre a maneira de estruturalos ao longo do curso.
- Colaborar na programación das actividades a realizar nas distintas conmemoracións fixas de cada curso escolar.

➤ **REUNIÓN**

As reunións celébranse unha vez ao mes, aproximadamente, e levántase acta de cada unha delas que se conserva no centro escolar.

➤ **ACTIVIDADES**

Todas as actividades veñen reflexadas no epígrafe destinado á dinamización de actividades complementarias e extraescolares.

O noso principio é participar en todas as actividades propostas polo centro: conmemoracións, actividades de biblioteca, medio ambiente, dinamización lingüística....

Solicitamos actividades propostas polo concello: saídas aos museos da cidade, concertos, obras de teatro, visitas a biblioteca.

Tamén participamos no proxecto MUSE.

Realizamos tamén actividades propias da celebración da gradación do alumnado de 6º nivel e excursións de fin de curso.

➤ **Criterios de avaliación**

O alumnado de cada un dos niveis será avaliado da seguinte maneira:

- En cada trimestre valorarase as probas escritas, traballos puntuables, individuais e en grupo; traballo na aula, traballo na casa e actitude do alumnado cara o seu propio aprendizaxe.
- Farase unha media trimestral e na avaliación ordinaria reflexarase a media dos tres trimestres do curso.

16 Equipos e departamentos docentes

16.1 Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

O EDLG, neste curso 2023/ 2024 estará formado polas seguintes persoas:

- Paula Hernández Basterrechea (1ºB).
- María de los Ángeles Barreiro Sabajanes (6ºB e especialista en música).
- Margarita Moreira Lavandeira (6ºB).
- Miren Nerea García de Dios Mardones (5ºEIA).
- María Camila León Lestón (Apoio de EI).
- Fernanda Patiño Costa (PT).
- Nerea Álvarez Ferro (Música e dirección).
- Leticia Solla Pena (6ºEIA). Coordinadora do equipo.

O traballo do equipo basease no regulado no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

O Proxecto Lingüístico de Centro, regulado polo Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, aprobouse o curso pasado, polo que segue vixente, ao ter unha vixencia de catro anos.

Si se fai preciso elaborar a Addenda anual na que se recollen os resultados da pregunta sobre a lingua que se lle fai ás familias que se incorporan ao sistema en 4º de Educación Infantil; a valoración das actividades que se desenvolveron no curso pasado así coma a información máis destacable do traballo que se fará neste curso.

Ademais, para a elaboración de esta PXA, tívose en conta a valoración das actividades realizadas o curso pasado, reflectida na memoria anual e que se concreta nos seguintes aspectos:

1. Manter como obxectivo fundamental e prioritario o de promover o uso da lingua galega a nivel oral e promovendo unha actitude positiva cara a nosa lingua e cultura.
2. Continuar propondo actividades que se centren en recuperar as nosas tradicións, continuando coas xa incorporadas no centro e dando máis peso á celebración da Romaría e Festival no Día das Letras galegas coa proposta de ter máis tempo de foliada. Tamén trataremos de facer unha actividade en torno aos Maios, aproveitando para abordar a primavera e a flora autóctona.
3. Centrar o Día de Rosalía no traballo do uso oral da lingua galega a través de un concurso de recitado de poesía de Rosalía.
4. Continuar con actividades que promovan a colaboración intercentros.

Mantemos como obxectivo fundamental para o EDLG, xa marcado durante os últimos cursos, o seguinte: Procurar un uso normalizado da lingua galega no noso centro reforzando a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos e reais. Queremos que o alumnado e o resto da comunidade educativa perciba o galego como unha lingua útil e con valor.

Por iso continuaremos desenvolvendo principalmente actividades que capaciten ao alumnado para adquirir unha competencia lingüística axeitada en galego ao mesmo tempo que desenvolve unha relación de afecto coa lingua.

Queremos crear un contexto onde se recoñeza o galego como o distintivo da identidade máis elemental do noso pobo a través do cal coñecemos e construímos a nosa cultura. Un contexto onde o galego sexa unha lingua de presente e de futuro, a través da cal relacionarnos coa nosa contorna nunha sociedade moderna.

Para isto enmarcaremos as actividades do EDLG no ámbito de 2 proxectos:

- a) PDI do centro presentado a través da Biblioteca escolar que é o proxecto que organiza e dinamiza toda a actividade do resto dos equipos de

dinamización; e que este ano xira en torno a arte e as diferentes manifestación artísticas.

- b) Proxecto de fomento do uso da lingua galega, que artello todas as actividades do equipo e que este curso versará principalmente ao redor das nosas tradicións.

Os obxectivos específicos para o curso 2023/24, son:

- Mellorar o uso do galego oral no Centro, creando un ambiente propicio no que se diminúan os prexuízos sobre o emprego da nosa lingua.
- Amosar que o galego é unha lingua de futuro, válida en tódolos contextos e non só no escolar.
- Achegar referentes actuais e positivos de persoas galego-falantes que podan tomar coma modelos.
- Manter as tradicións de orixe galega xa celebradas no centro: Samaín, Magosto, Entroido e Romaría. Tamén trataremos de incorporar outras tradicións como as propias do Nadal ou a festa dos Maios.
- Informar ao alumnado das iniciativas, propostas e actividades das que poden participar.
- Fomentar o uso do galego en todas as actividades que se desenvolvan no Centro, con independencia de que dinamización as organice.
- Desenvolver, en colaboración cos outros equipos de dinamización, o proxecto de Centro, baseado este curso escolar na arte.
- Desenvolver actividades e iniciativas relacionadas coa coeducación, o medio ambiente... a través do uso do galego.
- Potenciar a creación literaria en galego por parte do alumnado.
- Dotar á Biblioteca do Centro de novidades editoriais en lingua galega.
- Fomentar a lectura de libros en galego e, en colaboración co Equipo de Biblioteca, difundir as novidades editoriais e o coñecemento de autores en lingua galega.
- Fomentar a transmisión oral de contos, trabalinguas... propios da tradición e cultura galegas.
- Difundir música galega e en galego entre o noso alumnado.
- Celebrar o día de Rosalía de Castro con diversas actividades por parte do

profesorado e o alumnado do Centro.

- Dar a coñecer á Comunidade Escolar a vida e a obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2024: Luísa Villalta.
- Difundir os traballos desenvolto para a conmemoración do Día das Letras Galegas e da vida e obra de Luísa Villalta.
- Visualizar e difundir as actividades a prol da normalización lingüística realizadas polo alumnado do Centro e entre o resto do alumnado.
- Difundir as actividades que se desenvolvan ao longo do curso a través da páxina web do Centro e da conta de Instagram (@sanpedrovisma).
- Favorecer o contacto do noso alumnado con outras nenas e nenos, de Centros cunha realidade diferente á súa, a través do galego.
- Colaborar con outros centros de ensino de Infantil e Primaria na elaboración de actividades comúns.
- Participar en actividades de normalización lingüística propostas polo Concello da Coruña, a SXPL ou outras entidades, promovidas pola Xunta de Galicia.
- Contactar e colaborar con outras entidades ou grupos que fomenten o uso da nosa lingua e acheguen aspectos relativos á nosa cultura ao alumnado.
- Cumprir a normativa referente aos EDLG's, desenvolvendo aquelas actividades e elaborando aquela documentación que se esixe anualmente.

As actividades que proporemos serán moi variadas pero seguindo un mesmo eixo vertebrador: impulsar un coñecemento cultural que garanta unha plena competencia comunicativa no noso idioma, dando prioridade ás actividades de carácter oral e á visibilización de todas as iniciativas que se desenvolvan, así como facer que o galego sexa a lingua principal no desenvolvemento dos proxectos de centro que se leven a cabo de forma coordinada co resto de equipos de dinamización.

Ao longo deste curso, 2023/ 2024, as conmemoracións e datas que se propón desenvolver dende o EDLG son as seguintes:

ACTIVIDADES EDLG CURSO 2023/24	
TEMPORALIZACIÓN	ACTIVIDADE
OUTUBRO-NOVEMBRO	<p>Samaín/Magosto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O Samaín e Magosto a través da arte. - Contacontos de “medo”. - Día de disfraces e Magosto.
DECEMBRO	<p>Nadal:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Panxoliña en galego e en LSE. - Actuación do coro. - “Cantar aos Reis”: Visita a un centro de persoas maiores para facer o noso “cantar aos Reis”.
XANEIRO	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade para o Día da Paz en coordinación co resto de equipos de Dinamización. - Comezo reto “Faime Rir”.
FEBREIRO	<ul style="list-style-type: none"> - Entroido: MECO e pasarrúas. - Día de Rosalía: Concurso no centro de recitado da obra de Rosalía. - Participación do centro no concurso “Rosalía sempre viva” organizado pola Casa-Museo Manuel María. - Reto Faime Rir.
MARZO	<ul style="list-style-type: none"> - Reto Faime Rir.
MAIO	<p>Mes das letras en galego:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Concertos didácticos. - Romaría. - Festival das Letras galegas. - Contacontos: As familias contan...en galego! - Actividade sobre os Maíos.

Ademais, participaremos en todas aquelas actividades que se nos propoñan por parte doutras dinamizacións, que este curso volverán a estar coordinadas a

través do equipo de coordinación. O eixo vertebrador das actividades do centro partirán do PDI elixido o curso pasado polo alumnado a través da proposta da Biblioteca e que este ano xirará en torno á cidade as artes.

Tamén participaremos naquelas actividades que xurdan das necesidades do momento, contando sempre coa aprobación do Equipo Directivo e o apoio do Claustro.

Seguiremos tratando de darlle **visibilidade** ás iniciativas desenvoltas a través das canles do centro (páxina web, blogue, e a conta de Instagram). De novo, trataremos de que as redes sociais sexan os medios usados para motivar a participación nas actividades propostas así como para que a comunidade educativa use a lingua galega. Estas redes tamén non seguirán permitindo estar en contacto con outros centros, compartindo experiencias.

16.2 Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

- Lidia Otero Maurense (coordinadora)
- Nieves Corral
- Dayrén Mosquera Suárez
- M^a Elena Cardeñoso Rojo
- Almudena Santos Flórez

➤ **Calendario de reunións:**

As reunións do equipo de Actividades Complementaria e Extraescolares terán carácter mensual e celebraranse un luns de cada mes.

➤ **Funcións:**

- Elaborar o programa anual destas actividades para o que terán en conta as propostas dos niveis, dos mestres/as, dos pais/nais e as orientacións do Claustro e a Comisión de Coordinación Pedagóxica, así coma do Consello Escolar.
- Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, data, hora e lugar de realización, repercusións económicas e

forma de participación do alumnado e do profesorado.

- Proporcionarlles aos alumnos/as e aos pais/nais a información relativa ás actividades do equipo.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co Claustro, a Comisión Pedagóxica, os niveis e a asociación de pais/nais, así coma cos demais equipos de Dinamizacións (Biblioteca, Normalización Lingüística, TICS, Convivencia ou Medio Ambiente).
- Elaborar unha memoria final do curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.

➤ **Actividades extra escolares organizadas pola ANPA**

- **Eureka!:** Ciencia divertida.
- **Manitas:** expresión plástica.
- **Colorín, colorado:** contacontos.
- **Mans que falan:** lingua de signos.
- **Xenios:** xogos de lóxica matemática.
- **Scaperoom:** pensamento lóxico matemático.
- **Escola de maxia:** ciencia e maxia.
- **Lettering:** arte de debuxar letras.
- **Idiomas no centro:** inglés.
- **Guitarra.**
- **Baloncesto** (basketcoruña)
- **Judo** (educajudo. Ximnasio jk)
- **Robótica, guitarra e apoio escolar** (activa extraescolares).
- **Natación** (concello de A Coruña)
- **Patinaxe.**
- **Baile.**
- **Fútbol sala.**

➤ **Actividades complementarias e extraescolares**

No presente curso realizaranse diferentes saídas, adecuadas a cada curso así como diferentes conmemoración relacionadas coas datas máis importantes da cultura galega.

As actividades a realizar segundo o nivel son as seguintes:

a) Educación infantil:

O alumnado de Educación Infantil participará nos programas educativos do servizo municipal de educación do Concello da Coruña tales coma: Visitas e Rutas Urbanas, Coruña Aventura, Museos Científicos, Todo o Público (Teatro), Concertos, Descubrir os libros (Bibliotecas), Programas de Educación Ambiental, Programas de Educación para o Consumo, así coma algunha charla, andaina pola contorna do centro e a saída de fin de curso.

b) Educación Primaria:

O alumnado desta etapa participará nos programas educativos do concello da Coruña tales coma: Visitas e Rutas Urbanas, Coruña Aventura, Museos Científicos, Todo o Público (Teatro), Concertos, Descubrir os libros (Bibliotecas), Semente, Programas de Educación Ambiental, Programas de Educación para o Consumo, o Atlántico parte de ti (Vela), Andainas polo día da Educación Física na rúa, xornada de convivencia e deporte con outros colexios para celebrar o día da Educación Física na rúa na praza de María Pita, Primeiros Auxilios, así coma algunha charla/taller, andaina pola contorna do centro, Día Muse intercentros no colexio e a saída de fin de curso.

➤ **Conmemoracións.**

Na celebración das conmemoracións é importante que participe todo o centro. Intentarase na medida do posible a coordinación de tódolos departamentos para evitar a sobrecarga de traballos nas aulas e para aquelas actividades máis específicas de algún equipo de dinamización colaboraremos con eles no que precisen.

O noso equipo programará a maneira de celebrar esas datas, proporcionará material para a participación nas mesmas e organizará todo o proceso.

Datas propostas polo equipo:

DATAS DE CONMEMORACIÓNS CURSO 2023/2024	
SAMAÍN/HALLOWEEN	Semana do 30/10 ao 3/11
MAGOSTO	Venres, 3 de Novembro
NADAL	Xoves, 21 de Decembro.
PAZ	Martes, 30 de Xaneiro.
ENTROIDO	Semana 5/02 ao 9/02
DÍA DA MULLER	8 de Marzo.
DÍA DO LIBRO	Martes, 23 de Abril.
LETRAS GALEGAS	16 de Maio.
FIN DE CURSO	Venres, 21 de Xuño

Dentro da programación de todas as conmemoracións do centro incluímos a decoración dos corredores na que procuramos participe todo o centro, dende o noso equipo coordinamos a mesma e proporcionamos o material.

16.3 Equipo de Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

➤ Introducción.

A sociedade no seu conxunto viviu e está a vivir unha revolución no tocante ás novas tecnoloxías de información e da comunicación (en adiante TIC) polo que o sistema educativo e as escola non poden ser alleas a esa realidade e deben incorporalas o seu día a día.

O uso das TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe, ademais dunha necesidade, é unha obriga legal ao ser unha das sete competencias clave que debe desenvolver o alumnado recollidas no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia DECRETO 150/2022, do 8 de

setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. O antes descrito fai absolutamente necesario garantir un estado óptimo de funcionamento da aula virtual, E-Dixgal... e un dominio axeitado no seu uso por parte de toda a comunidade educativa.

➤ **Compoñentes do equipo.**

- Don José Rubén Barrán Ferreiro (coordinador e coordinador Abalar).
- Dona Irene Candía Bouso
- Dona Cristina de la Iglesia Soriano
- Dona Nuria Garrote Armada
- Don Sergio Lozano Guitián.

➤ **Calendario de reunións.**

Todos os terceiros luns de cada mes, en horario de 16:00 a 17:00 horas ou o marcado na planificación mensual.

➤ **Obxectivos para o curso 2023-24.**

Obxectivos globais en relación ao centro.

- Reformar o Plan dixital do centro elaborado no curso 2023-24 e seguindo o exposto na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia se regula a avaliación mesa etapa educativa
- Desenvolver dentro do PFPP do centro unha liña para o aprendizaxe no uso do material que se vai subministrar por Polos Creativos.
- Habilitar un espazo no centro para Polos Creativos.
- Xestionar coa UAC a retirada de equipamento informático obsoleto proporcionado pola Consellería de Educación.
- Crear un banco de recursos para o profesorado centralizado na aula virtual do centro, tal e como es recolle no Plan Dixital do centro.
- Continuar coa reorganización, mellora e actualización da páxina de web do centro.
- Incluír na web do centro todos os documentos oficiais públicos do colexio.

- Manter o bo funcionamento dos perfís en redes sociais das distintas dinamizacións do centro (SPV, biblioteca, EDLG...) para a difusión das actividades realizadas.
- Impulsar a radio escolar nos tempos de lecer e dentro da actividade lectiva como ferramenta educativa.
- Mellorar os ordenadores das aulas que o necesiten substituíndo elementos de hardware (discos duros ssd) ou adquirindo novos cando fose necesario.
- Levar a cabo xunto co equipo externo o mantemento dos equipos informáticos e audiovisuais do centro.
- Fomentar o emprego da rede wifiedu.xunta.gal entre o profesorado.
- Colaborar coas distintas dinamizacións no tocante as TICs e en todo o necesario.
- Seleccionar e poñer diferentes obras musicais para a entrada e a saída do centro e dos recreos vinculados ás conmemoracións máis salientables.
- Seguir empregando Abalar como canle comunicación entre o centro es as familias e as familias e o profesorado.

Obxectivos en relación co profesorado.

- Impulsar e fomentar a formación no tocante ás TIC a todo o claustro, sobre todo aquelas relacionadas co uso da aula virtual e de E-Dixgal.
- Informar ao profesorado da formación dispoñible en f-profe relacionada coas TICs e sobre todo co emprego da aula virtual e E-Dixgal.
- Crear un seminario para aprender a empregar o material subministrado por Polos Creativos..
- Impulsar o uso das TICs nas distintas actividades de aula.
- Dotar de contidos o banco de recursos da aula virtual do centro.
- Asesorar ao profesorado sobre o uso de ferramentas TICs e axudarlles coas dúbidas que poidan ter.
- Incorporar a radio escolar dentro da metodoloxía de aula.
- Avaluación do traballo realizado.

Na derradeira xuntanza de cada trimestre o equipo TIC valorará o grao en que se están a acadar os obxectivos propostos.

Na memoria de final de curso incluírase a valoración global do traballo realizado a longo do curso académico 2023-24 en base ao grao de consecución dos obxectivos formulados para o mesmo.

16.4 Equipo de Dinamización da Biblioteca.

O equipo de biblioteca escolar está composto polas seguintes mestras:

- Tenreiro Sandá, Rosa
- Villar Veres, Delia
- Prado García, Patricia
- Bello Pardo, Lucía
- Catoira Romero, Dolores
- Rincón-Benzalá Peña, Eva
- Pérez Fernández, María
- Cuñarro Neira, Rocío

➤ **Calendario de reunións**

As reunións do equipo terán polo xeral, carácter mensual. De ser mester, realizaranse tantas outras como se consideren oportunas.

➤ **Plan de actuación**

Este será o cuarto curso formando parte do Plan de Melloras de Bibliotecas Escolares, pero aínda así continuamos transformando a biblioteca en función das novas posibilidades que se nos presentan e respondendo ás necesidades que van xurdindo. Ademais, seguimos a renovar os nosos fondos axeitándonos aos gustos do alumnado e ás necesidades detectadas. Cabe tamén destacar que na nosa planificación sempre teremos presente a nosa radio, xa que formamos parte do programa de Radio na Biblio e tamén toda a formación que recibimos ao estarmos integrados no programa de Biblioteca Creativa.

Este ano, ademais de seguir mellorando o espazo e a dotación do mesmo, o noso grande obxectivo é dinamizar a biblioteca, aspecto que xa traballamos o curso pasado pero que queremos seguir a mellorar neste curso.

O noso obxectivo é que a biblioteca sexa un espazo dinámico que se converta

no eixo vertebrador dende o que partan moitas das actividades do colexio. Para iso, durante os tres cursos pasados estivemos a realizar un PFPP de Biblioteca Escolar. Este curso recibiremos formación de Polos Creativos, xa que isto pode resultar moi enriquecedor para a biblioteca.

Plantexámonos, ademais, estoutros obxectivos para seguir a liña de traballo iniciada nos cursos anteriores:

- Continuar o expurgo co fin de actualizar os fondos existentes e contar con materiais renovados e seleccionados con criterio de calidade.
- Continuar ampliando os fondos bibliográficos dispoñibles, procuraremos facer un maior investimento en bibliografía de consulta, sobre todo en galego, xa que é unha das nosas principais carencias. Igual que vimos facendo en anos anteriores, continuaremos facendo un especial esforzo en dotar á biblioteca de materiais con pictogramas e en lingua de signos, adaptados ás distintas necesidades do noso alumnado.
- Continuar coa revisión daqueles libros que non estean catalogados atendendo aos criterios que temos actualmente, por faltarlles etiquetas ou non concordar coas directrices recibidas na formación. Destacaremos a creación de etiquetas propias, como a dedicada ao PDI, ou a da sección de Lectura fácil, para que o alumnado sexa o máis autónomo posible. Así mesmo, ao longo de todo o curso continuaremos catalogando as novas adquisicións, xogos e outro tipo de materiais manipulativos.
- Co obxectivo de fomentar a lectura e de achegar a biblioteca ás aulas, este ano continuaremos coas caixas viaxeiras nos cursos de infantil. Dende o equipo de biblioteca prepáranse caixas de libros axeitadas ao alumnado para que o titor as utilice para realizar empréstitos e lectura na hora de ler. Ó cabo dun mes, aproximadamente, estes libros cámbianse por outros. En cada caixa existe un rexistro de valoración dos libros por parte do alumnado, o que nos da información sobre os gustos e intereses dos nenos e nenas que teremos en conta na preparación das seguintes caixas.
- Promocionar a utilización do empréstito entre os nenos e nenas de primaria. Dende o equipo de biblioteca elaboramos un calendario repartindo as sesións de lectura entre os cursos, de tal xeito que todos

poidan pasar cada dúas semanas a realizar o empréstimo usando o programa Meiga. Esta organización favorece que acudir á biblioteca cos títulos teña un carácter máis sistemático e continuo. Nos cursos de primaria o profesorado tamén pode levar caixas de libros para a aula se así o considera.

- Incentivar o achegamento do profesorado á plataforma E-elbe. Organizaremos un obradoiro para iniciarse no uso desta plataforma e animaremos ao profesorado a que a use para algunha lectura colectiva.
- Fomentar o uso da biblioteca por parte do profesorado, para o cal cada mestre pode reservar con anterioridade as sesións que necesite no calendario que hai na porta da biblioteca.
- Favorecer a utilización da biblioteca como lugar de investigación e traballo, para o cal intentaremos propoñer actividades que inviten a usar este espazo como tal.
- Estender a formación do funcionamento do sistema de clasificación e catalogación do Proxecto Meiga a todas as persoas integrantes do equipo.
- Dotar a todo o alumnado e profesorado do seu carné lector.
- Favorecer a participación do equipo de voluntarios e voluntarias durante os recreos. O alumnado de 4º, 5º e 6º pode ofrecerse como voluntario para colaborar nos recreos. Para iso establécense uns quendas e acoden o día que lles toca en grupos de catro. As tarefas van desde dinamizar os recunchos explicando os xogos ou o manexo dos robots, colocar os libros no seu lugar, colaborar na organización de obradoiros ata moitas outras actividades que poden ir xurdindo ao longo do curso.
- Fomentar a autonomía do alumnado no uso da biblioteca, polo que impartiremos uns obradoiros nos que formaremos a alumnado e claustro sobre a distribución e funcionamento da biblioteca. Así mesmo continuaremos coa formación virtual, no blog segue presente un vídeo no que a mascota explica o funcionamento do empréstimo virtual e no que se explican criterios a ter en conta á hora de buscar e elixir un libro. Durante o vindeiro curso continuaremos outorgando maior autonomía aos voluntarios de biblioteca, implicándoos máis na organización e xestión da mesma, así como na dinamización da bibliopatio.
- Formar ao alumnado na utilización axeitada de internet e redes sociais e

desenvolver o seu espírito crítico coa información que lles chega a través das mesmas. Para isto realizaremos obradoiros de utilización das redes impartidos por expertos para o alumnado dos cursos de 5º e 6º. Así mesmo, o espírito crítico sobre como se pode transmitir de xeito veraz a información ou como esta pode ser transmitida atendendo a distintos intereses nas redes e nos medios de comunicación será experimentado en primeira persoa ao traballar na radio.

- Continuar actualizando e publicando as actividades realizadas no blogue da biblioteca e fomentar o seu seguimento por parte de toda a comunidade educativa. Tamén seguiremos publicando as actividades e novidades a través do instagram e continuaremos coa difusión do traballo realizado a través canle de radio, para o cal creamos unha conta de Ivoox, que está enlazada ao noso blogue.
- Levar a cabo o Proxecto Documental Integrado (PDI) como documento vertebrador de innovación educativa do centro, en colaboración co resto de equipos de dinamización. O PDI foi elaborado polo equipo de Biblioteca e aprobado polo Claustro. A temática do PDI foi seleccionada polo alumnado o curso pasado a través dunhas eleccións.
- Coordinarnos co resto dos equipos e programas do centro co fin de funcionar como un todo global e favorecer un enfoque competencial na aprendizaxe. Como vimos facendo nos últimos cursos, tódalas dinamizacións seguiremos unha mesma liña de traballo centrada no tema “Estilos artísticos” no que traballaremos a distintos artistas e as súas obras. Por outra banda, a través deste proxecto traballaremos a inclusión, xa que é un aspecto que temos sempre en conta debido a que somos un centro cunha porcentaxe moi elevada de alumnado con diversidade funcional. Realizaremos actividades de fomento e animación á lectura para conmemorar datas importantes como Magosto e Samaín, Día do Libro, Letras Galegas...Prepararemos sempre un recuncho con fondos da temática para estar a disposición tanto de mestres como de alumnado.
- Coordinarnos coas bibliotecas públicas do noso entorno próximo, en especial co centro Ágora, e continuar coas visitas e roteiros que organizan.
- Conseguir que o noso recuncho de contacontos sexa un lugar atractivo

para o alumnado ao que todos e todas estean desexando acudir. Levarémolos a cabo ao longo do curso, especialmente para o nivel de infantil e para determinadas conmemoracións. O noso desexo para este curso é o de implicar ás familias na realización dos contacontos.

- Mellorar a competencia lectora e a competencia oral do noso alumnado. Para conseguilo, este curso imos implementar unha actividade que chamaremos “Contamos-nós”. Esta actividade consiste en que cada xoves unha clase repartirase en parellas ou pequenos grupos polas aulas de infantil e primeiro ciclo para lerlles o conto que teñen preparado. Previamente a este día os nenos e nenas desa clase terán que telo preparado co seu titor ou titora, axeitando o conto ao público ao que se van dirixir.
- Deste xeito todas as aulas de infantil e primeiro ciclo terán contacontos todos os xoves. Cada grupo de terceiro a sexto lerá varias veces a outros nenos e nenas o cal lles permitirá a eses nenos e nenas lectores valorar o seu traballo e mellorar naqueles aspectos que sexa preciso.
- Continuar co apadriñamento lector (sesións nas que, por parellas, o alumnado dos cursos altos lle le alumnado de cursos baixos).
- Favorecer a utilización da lingua oral a través de distintas actividades, como a Semana da Tradición oral, os contacontos,... A radio, sen dúbida, será unha ferramenta que facilitará moito a consecución deste obxectivo, porque como xa comprobamos durante estes cursos, trátase dun elemento moi motivador para o alumnado.
- Organizar un concurso ou taller de escritura e recitado de poesía, destinado a algún nivel concreto de Primaria.
- Continuar con Bibliopatio, xa que durante estes cursos estivo a dar moi bos resultados.
- Achegar ao noso alumnado á biblioteca durante o recreo como un espazo máis de lecer ao que o alumnado poda achegarse a ler ou xogar. Este curso ampliaremos a oferta de actividades durante os recreos, xa que se incorporará como un recuncho fixo a mesa de robótica. Ademais, fixemos un grande investimento en xogos de mesa, e formarase aos voluntarios nos mesmos para que podan ensinalles ao resto dos nenos e nenas a xogar.

- Este curso temos como obxectivo continuar incluíndo as actividades de Biblioteca Creativa na dinámica do centro e aumentando a oferta das mesmas, para o que nos formaremos en polos creativos.
- Ao longo do curso levaremos a cabo unha avaliación de todo o proceso realizado de cara a establecer melloras para o vindeiro curso. Esta valoración realizarase tanto por parte do alumnado como do profesorado, mediante as follas de rexistro das caixas, unha enquisa de avaliación final, un buzón de suxestións, comentarios no blogue, reunións,...

16.5 Equipo de Dinamización de Medio Ambiente.

➤ **Compoñentes**

O equipo de dinamización de medio ambiente está composto polos seguintes membros:

- Eva Blanco Fernández.
- Fabián Canosa Pasantes (coordinador do proxecto de Voz Natura).
- María Concepción Cascón Bravo. Coordinadora
- Diana Freire Casalderrey.
- María de la Merced López
- José Luís García Prado.
- Laura Vázquez Moreira.
- Nieves Villar Garrote
- Laura Vázquez Moreira

➤ **Obxectivos**

Os **obxectivos** tratan de procurar a maior participación posible dos nenos e as familias nas tarefas cotiás do coidado do horto, respecto e mellora da contorna e dos hábitos de vida e alimentación saudables:

- Facilitar a creación de lazos afectivos co mundo natural e a contorna próxima.
- Descubrir as nosas relacións e dependencias co medio natural e os seus

- elementos (biocenose e medio físico).
- Fomentar o respecto pola terra como fonte de vida e desenrolar o interese por non degradala.
 - Coñecer os sistemas agrícolas e valorar o desenvolvemento tecnolóxico necesario para a satisfacción das nosas necesidades alimenticias.
 - Investigar e descubrir as implicacións do noso modo de vida na problemática ambiental
 - Valorar a importancia do consumo de alimentos frescos e saudables, cultivados con respecto ao medio ambiente; fronte a modos de consumo desequilibrados e non sostibles.
 - Familiarizarse co traballo físico e o esforzo, desenvolvendo o sentido de responsabilidade e compromiso na xestión do horto.
 - Fomentar actitudes cooperativas a través do traballo en grupo para planificar as actividades, organizadas labores do horto...
 - Concienciar sobre un modo de vida sustentable e sobre o uso dos residuos que xeramos.
 - Adoptar accións no uso de residuos que favorezan a saúde do planeta.
 - Concienciarse da importancia de preparar e fertilizar o terreo de maneira respectuosa co medio ambiente para obter un bo rendemento nas colleitas.

➤ **Actividades.**

a) Setembro 2023 a xuño 2024

- Alimentación e coidado das galiñas, observación e seguimento do traballo das miñocas.
- Limpeza e mantemento dos espazos dedicados a horta, xardín dos sentidos e a fochanca do Lagares (charca anfibios).
- Organización dos grupos de ecovoluntarios para a recollida de residuos e traballos voluntarios no tempo de lecer de galiñeiro, aromáticas, morteiros, rego, obras e invernadoiro.
- Colaboración con outras dinamizacións para preparar e realizar as actividades do proxecto común do centro e do proxecto de Voz Natura.
- Exposición do golfiño “comeplástico” como alegoría do problemas do plástico no planeta.

- Traballo de xeito didáctico con as clases para aprender conceptos básicos a través do medio natural.
- Traballo experimental coas clases de 3ºA e 4ºA . Estas clases dedican unha hora semanal a traballo na horta e no invernadoiro para investigar e aprender.

b) Setembro e outubro 2023

- Reparto de materiais por aulas.
- Preparación de morteiros para cultivos. Este curso cada nivel elixirá unha cantiga galega para identificar o seu morteiro.
- Organización dos grupos de voluntarios e das familias de horta.

c) Outubro e novembro 2023

- Elaboración dun banco de sementes.
- Limpeza do rego que limita o colexio.

c) Novembro e decembro 2023

- Plantación de leguminosas e amorodos.
- Exposición de diferentes sementes contando coa colaboración da biblioteca.

d) Xaneiro a xuño 2024

- Formación de morteiros e transplante de plantas coma leituga, acelga, alloporro, flores, aromáticas, etc.

e) Febreiro e marzo 2024

- Construción da biocenose de anfibios e réptiles no interior do colexio.
- Plantación de bulbos por aulas.
- Colocación dos hoteis de insectos.

f) Marzo a xuño 2024

- Limpeza da zona de aromáticas engadindo novas plantas.

g) Abril 2024

- Coidado intensivo da horta por clases.
- Propostas de receitas cos produtos da horta.

- Propostas de usos das plantas do xardín dos sentidos.

h) Abril a xuño 2024

- Recollida e reparto para cada alumno participante dos froitos da horta.
- Reparación de produtos ecolóxicos a partir da colleita da horta: aceites, xabóns, ramos ornamentais, bolsas antipolilla, bolsas de aroma, etc.
- Reflexión sobre o traballo realizado a través de expresión plástica.

i) Outubro 2023 a xuño 2024

- Obradoiros de horta e invernadoiro con familias colaboradoras de horto por grupos de aula.

➤ **Metodoloxía.**

Búscase a implicación dos alumnos e familias a través da participación de ecovoluntarios, grupos de traballo por niveis para cada tarefa/espazo e os obradoiros para familias polas tardes. As actividades baséanse na actuación directa, relacionadas coa contorna e con implicacións directas na vida e hábitos dos nenos e familias.

Neste curso procurarase ter un profesor encargado da coordinación de cada área de traballo da dinamización: galiñeiro, morteiros/invernadoiro, aromáticas/xardín dos sentidos, morteiros da zona de galiñeiro, compostaxe, fochanca de anfibios, labirinto, ecovoluntarios, grupos de obras...

➤ **Avaliación.**

Ao longo do curso nas reunións de dinamización valoraremos resultados, tempos dedicados, a temporalización das actividades e cumprimento de prazos previstos e recursos.

Ao remate do segundo trimestre faise una memoria do proxecto Voz Natura e ao remate do curso una memoria do traballo da dinamización e propostas de mellora.

➤ **Proxecto Voz Natura: Visma, un espazo para o coñecemento**

O noso colexio sigue co seu compromiso de coidado e concienciación co medio

ambiente. Sendo esta unha ferramenta na que engloba o proxecto de centro xunto cun estilo de vida activa e saudable. "Visma, un espazo para o coñecemento" será o proxecto para coñecer e protexer a fauna e a flora autóctona do noso patio, dos nosos arredores e da nosa cidade. Ao mesmo tempo seguiremos cos proxectos relacionados coa plantación de diferentes produtos da horta seguen a súa temporada, seguimos dando uso ao composteiro, coidaremos as galiñas, axudaremos a manter o camiño de Santiago, manteremos o mandala natural e seguiremos concienciando para o menor uso de plástico posible.

Este curso participaremos nas actividades en liña de eco-retos de Voz Natura.

- Orzamento: 490 euros:
 - Ferraxeira para hortos 200€.
 - Material de xardinaría 200 €
 - Material funxible e papelería: 90€

16.6 Equipo de Convivencia.

O Equipo de Convivencia este curso será asumido polo equipo directivo e D.O.

Os obxectivos para este curso serán:

- Cumprir e facer cumprir as normas de funcionamento do centro.
- Continuarase coa **aula de convivencia**. Recordase ao profesorado de garda que debe permanecer na mesma cando lle corresponda polo que se dotará dun equipo informático axeitado. Os partes de incidencias deben ser firmados polas familias e entregados á coordinadora de convivencia para seren rexistrados.
- Fomentar nos titores/as o cumprimento da aplicación das medidas correctoras fronte a condutas contrarias á convivencia escolar e a elaboración dos partes de incidencias correspondentes.
- Incidir en que os titores/as deben lembrar ao alumnado as normas de convivencia do centro, normas que deben cumprir tanto nas aulas como no comedor, no recreo e no autobús.
- Realizar propostas de actividades dende o Equipo de Dinamización da

Convivencia para as diferentes conmemoracións.

- Fomentar e promover a igualdade e non discriminación por razóns sociais, culturais ou de sexo entre o alumnado do centro.
- Promover a integración do alumnado con NEAE nas horas de lecer coa colaboración do profesorado e coidadores/as do centro a través de materiais e elementos de xogo.

➤ **Calendario de reunións**

As reunións do equipo terán carácter mensual pero levaranse a cabo tantas como sexan necesarias para o cumprimento do proceso de dinamización da convivencia no centro.

➤ **Conmemoracións**

Na celebración das conmemoracións é moi importante que participe todo o centro e dende o Equipo de Dinamización da Convivencia colaboraremos no que sexa necesario. Ademais o noso equipo programará a maneira de celebrar determinadas datas relacionadas coa convivencia e proporcionará material para a participación nas mesmas. Entre outras, as datas propostas polo equipo son:

- Día internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro).
- Día dos dereitos humanos (10 de decembro).
- Día da Paz (30 de xaneiro).
- Día do acoso escolar (2 de maio)

17 Plan anual de actividades del departamento de orientación

17.1 Introducción

A elaboración do PXA ven recollida na Orde do 24 de xullo de 1998, que no seu artigo 11º b) determina que é función da xefatura do departamento de orientación responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.

Coa elaboración deste plan o que pretendemos é contribuír á mellora da calidade da oferta educativa deste centro no presente curso 2023-2024. Para levar a cabo

esta proposta se establecerán puntos de encontro e colaboración. Deste xeito, poderemos elaborar un plan axeitado ás necesidades do centro, do profesorado, do alumnado e das familias que o conforman.

17.2 Criterios para a elaboración do Plan

➤ Características do centro, alumnado, profesorado, familias e entorno.

O barrio de San Pedro de Visma, está emprazado no distrito “V”, onde se atopa o Colexio do mesmo nome. Está rodeado de zona verde e abundantes vistas. Esta zona está considerada como a parte máis importante do distrito, dende o punto de vista histórico.

Pode S. Pedro, presumir de ser un barrio grande e antigo, din os lugareños que pode ter á lo menos de (500-700 anos), e aínda conserva todo (o enxebre do campo e do mar).

En xeral, aínda que o nivel medio do status socio-económico-cultural do barrio aumentou, aínda podemos consideralo como (medio-baixo), onde o paro segue sendo bastante acentuado.

O alumnado procede dun amplo sector que se estende dende a Avda. Fisterra, Praza das Conchiñas, R. de Outeiro, Barrio dos Pescadores, O Portiño, Os Rosales...

No centro están escolarizados alumnos moi diversos e en diferentes situacións:

- Alumnos pertencentes á etnias minoritarias e outras problemáticas familiares.
- Estranxeiros de diversos países (romanés, dominicanos, venezolanos, brasileiros, peruanos...)
- Alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Alumnos con dificultades de aprendizaxe.

➤ Lexislación vixente

Atención a alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE).

- **Decreto de atención á diversidade.** Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.
 - **Orde do 8 de setembro do 2021 que desenvolve o RD 229/2011**
 - **Escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais.** Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- **Documentos de centro, tales como a memoria do curso anterior e a avaliación global dos resultados do alumnado.**
- Actualizar o Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- **Asegurar a actuación coordinada co ies “Rafael Dieste” ao que estamos adscritos.**

O Departamento estará en contacto co orientador do IES Rafael Dieste que é o IES de referencia para actualizar información do alumnado e coordinar plans de traballo conxunto no paso da etapa de primaria á de secundaria.

17.3 Departamento de Orientación.

a) Composición

- Lucía Bello Pardo: mestra de AL con LSE. (Atención preferente)
- Fernanda Patiño Costa: mestra de PT
- Eva Blanco Fernández: mestra de PT (Atención preferente)
- María Pérez Fernández: mestra de AL
- Nuria Garrote Armada : AL LSE/ TEA
- Irene Candío Bouso: mestra de PT
- María de la Merced López Real PT (Atención preferente TEA)
- Dolores Catoira Romero. Coordinadora E.I.

- Laura Andrade Pérez Coordinadora 1º Ciclo E.P.
- María Elena Cardeñoso Rojo 2º Ciclo E.P.
- Rocío Cuñarro Neira 3º Ciclo E.P.
- Lucía López Lage Proa +
- Cristina de la Iglesia Soriano: Orientadora
- José Rubén Barrán Ferreiro. Xefe de estudos

b) Horario

O departamento de orientación foi constituído en reunión celebrada o 5 de setembro de 2023 segundo consta na acta correspondente.

As reunións do DO están previstas para un luns ao mes de 16:00 a 17:00 e a asistencia é obrigatoria.

A orientadora asistirá as reunións convocadas polo xefe do DO de secundaria ao que estamos adscritos cando este o estime oportuno, así como a todas aquelas que sexa preciso a súa presenza como: Educadoras sociais, EOE ou da UAMI.

En relación co cumprimento do horario persoal da orientadora, a previsión da distribución das sesións será a seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 a 9:50	Atención a pais/nais	Traballo de Departamento		Traballo de Departamento	Traballo de Departamento
9:50 a 10:40	Atención a pais/nais	Traballo de Departamento	Traballo de Departamento	Traballo de Departamento	Traballo de Departamento
10:40 a 11:30		Traballo de Departamento	GARDA	Traballo de Departamento	Traballo de Departamento
11:30 a 12:20	Recreo e lectura				
12:20 a 13:10	Traballo de departamento	Traballo de departamento	Traballo de departamento	Traballo de departamento	Traballo de departamento

13:10 a 14:00	Traballo de departamento	Traballo de departamento	Traballo de departamento	GARDA	L.D
16:00 a 17:00	Reunións de profesorado				
17:00 a 19:00	Reunión DO				

c) Obxectivos xerais

➤ Referidos ó centro:

- Colaborar na revisión do PEC, PAT, PCC, PXAD, ROC e outros documentos do Centro.
- Colaborar na dinamización do centro.
- Propoñer iniciativas que permitan a optimización dos recursos humanos e materiais do centro e dos que pode ofertar o entorno.
- Potenciar as relacións familia - escola.

➤ Referidos ó alumnado:

- Colaborar na prevención e detección de problemas ou dificultades educativas.
- Mellorar o rendemento do alumnado nas competencias clave: comprensión lectora, linguas estranxeiras e matemáticas.
- Dar resposta ás dificultades que presenta o alumnado.
- Asesorar, apoiar e colaborar co profesorado na atención á diversidade.
- Revisar e/ou modificar as medidas de apoio e/ou reforzo que recibe o alumnado do centro.
- Facilitar o tránsito entre etapas educativas.

➤ Referidos ó profesorado:

- Axudar na análise das necesidades do alumnado ao profesorado, en

relación co desenvolvemento da acción titorial.

- Asesoramento, colaboración e apoio á función titorial.
- Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos
- Asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as distintas medidas de atención ao alumnado con NEAE
- Atención a toda á diversidade presente no centro (equidade na educación).

➤ **Referidos ás familias:**

- Promoción da participación e implicación das familias na vida do centro.
- Establecer contactos periódicos coas familias para mellorar a comunicación e cooperación na consecución dos obxectivos educativos.
- Orientación educativa ás familias con alumnado que presente NEAE

➤ **Referidos a axentes externos:**

- Coordinarase con outros servizos externos (Servizos Sociais, Sanitarios, de orientación e atención psicopedagóxica...) cos que colabora.
- Nos casos do alumnado que estea sendo atendido por profesionais externos ao centro (servizos sanitarios, gabinetes psicolóxicos, ...) estableceranse os contactos necesarios para intercambiar información relevante e fixar estratexias de actuación conxuntas previa autorización por escrito dos mesmos. Para isto, empregaranse as canles autorizadas pola administración educativa en función dos convenios coas distintas asociación.

17.4 Medidas prioritarias.

a) Cumprimento do Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia

No noso centro se procederá do seguinte xeito, no momento en que ocorra un caso de absentismo escolar. Antes de explicar o procedemento hai que deixar claro o que entendemos por absentismo: a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do 10% do horario lectivo mensual. As faltas de asistencia

non xustificadas debidamente serán as que computen para a cualificación do posible absentismo.

Con carácter xeral, entenderemos por faltas xustificadas as seguintes faltas de asistencia:

- Citación que implique un deber inescusable
- Morte ou enfermidade grave dun familiar, de 1º ou 2º grado.
- Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames oficiais ou similares
- Indisposicións ata un máximo de dous días lectivos
- Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica
- Outras que non estean aquí contempladas, quedarán a criterio de dirección.

➤ **As nosas medidas preventivas**

- Ofertar medidas e recursos que compensen as carencias ou dificultades que poidan presentar os nosos alumnado como adaptacións curriculares, reforzos...
- Asesorar as familias e conciencialas da importancia de acudir a escola e da súa obrigatoriedade.
- Desenvolver nas aulas metodoloxías promotoras da inclusión
- Participar en programas específicos de mellora da calidade e do éxito escolar de todo o alumnado.
- Participar nas actuacións formativas específicas que a administración educativa desenvolva.

➤ **Como procederemos en caso de ausencia?**

O profesorado fará un control de asistencia diariamente e introducirá as ausencias na aplicación informática de xestión académica semanalmente.

A xustificación das faltas realizarase ante a persoa titora por parte dos pais ou titores legais do neno/a, segundo proceda: xustificante médico, documento acreditativo no caso de deberes inescusables ou calquera outro documento acreditativo da circunstancia que xustifique a ausencia.

O persoa titora deberá comunicar a familia de alumno as faltas de asistencia a clase dentro dos cinco primeiros días naturais do mes seguinte.

Cando se incremente o número de faltas sen xustificar á persoa titora convocará á familia para analizar a situación que se está a producir e tratar de corrixila, evitando abrir o protocolo de absentismo. Desta reunión levantarase acta.

➤ **Como procederemos a hora de abrir un expediente de absentismo?**

Cando persoa titora verifique que un alumno/a presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao 10% do horario lectivo mensual, propondrá con visto e prace da directora o inicio dun expediente. O inicio de este expediente realizarase como máximo dentro dos sete días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia superaron o 10% do horario lectivo mensual. A persoa titora convocará á familia e se con esa intervención se reconduce a situación, paralizarase o proceso e archivarase o expediente.

No caso de non reconducirse, será xefatura de estudos a que convocara á familia. De reconducirse a situación paralizarase o proceso.

De non producirse o arquivo do expediente a dirección do centro notificarao ao Servicio Territorial de Inspección Educativa e ao Concello, xunto coa listaxe de faltas de asistencia non xustificadas e o rexistro de cumprimento de actuacións e dos prazos nas que se desenvolveron. Esta comunicación producirase no prazo de 30 días dende que se abre o expediente de absentismo.

b) Cumprimento do protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar

➤ **Actuacións e temporalización**

As seguintes medidas de acción estarán coordinadas polo Departamento de Orientación:

✓ **Actuacións preventivas.**

Observación por parte dos titores e profesorado en xeral das interaccións e conductas do alumnado nas aulas e noutras situacións(recreos, corredores,

saídas escolares, actividades colectivas...)

Realización de enquisas anónimas nas aulas ou grupos onde pensemos que pode haber un problema na interrelación dos alumnos.

Realización de un sociograma se fose necesario por parte da orientadora.

✓ **Medidas de intervención:**

Unha vez detectado unha posible situación de acoso escolar levaremos acabo as seguintes actuacións:

1. Observación centrada no alumno implicado: na clase, recreos, filas, comedor e transporte, por parte do/a titor/a, especialistas, profesorado de garda, monitores, coidadores, etc.
2. Entrevistas individuais co presunto acosado ou acosada e cos presuntos acosadores.
3. Entrevistas cos observadores (espectadores) ou testemuñas, se houber.
4. Entrevista cos pais dos presuntos acosador e acosado.
5. Redactar por parte do titor, coa axuda do orientador, o informe de acoso escolar.
6. Intervención de xefatura, orientación e dirección.
7. Intervención do orientador e titor no grupo aula para facer unha reflexión e posta en común sobre a situación dada nese grupo.
8. Acordar medidas adaptadas ao suceso: separación dos acosadores se se comproba, traballos de colaboración, tarefas co profesor de garda, fichas de convivencia, medidas sancionadoras en aplicación das normas de funcionamento, se así o estima a dirección.
9. Información á inspección Educativa se fora necesario.

17.5 Actuacións e temporalización.

Actuacións		Responsables	Destinatarios	Temporalización
1	Proposta de organización dos apoios do Profesorado de PT/AL Coidadores,	Orientadora e profesorado de PT/AL	Titores do alumnado con NEE	Setembro

	Intérpretes			
2	Redacción da proposta definitiva dos servizos de apoio.	Orientadora	Xefatura de estudos	Setembro
3	Elaboración e aprobación do Plan Anual de actividades do Departamento de Orientación.	Orientadora	DO, Claustro, Consello Escolar	Setembro / Outubro
4	Realización das AC propostas no curso anterior	Orientadora, mestres implicados, profesorado de apoio, xefatura de estudos	Alumnado	Primeiro trimestre
5	Realización de avaliacións psicopedagóxicas, dictames e informes.	Orientadora.	Demandante, equipos docentes, alumnado e familias	Con carácter xeral, 1º e 2º trimestre
6	Realización de probas estandarizas a todos os alumnos que rematan etapa de Infantil e de Primaria. Entrevista individual coas familias interesadas en saber os resultados.	Orientadora	Titores e familias	3º trimestre
7	Revisión do Programa de preparación para a ESO	Orientadora centro e IES/ titora de 6º	Alumnado e familias de 6º	3º trimestre

8	Revisión dos informes para o alumnado obxecto de RE e/ou de apoio e establecemento do procedemento a seguir na súa cumprimentación	Departamento de Orientación	Profesorado titor e profesorado de apoio	Maio
9	Avaliación do Plan Anual de Actividades do Departamento.	Departamento de orientación	Membros do DO	Maio-xuño
10	Participar na Información ás novas familias do funcionamento do centro e do período de adaptación	Orientadora/ dirección/ mestres EI	Familias	Xuño
11	Elaboración dos informes do alumnado que remata etapa e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica	Orientadora	Xefe de estudos, Orientador do IES Rafael Dieste	Xuño
12	Redacción da memoria do Departamento de Orientación	Orientadora	DO, Claustro e Consello Escolar	Xuño
13	Proposta de apoios e ACs para o vindeiro curso	Departamento Orientación	Alumnado, Equipos docentes	Xuño
14	Participación nas sesións de avaliación. Recadar información do alumnado atendido polo DO como de novos casos.	Orientadora	Equipos docentes	Ao remate de cada trimestre
15	Asesoramento á comunidade	Orientadora	Comunidade educativa	Todo o curso

	Educativa			
16	Colaborar co profesorado na cumprimentación de documentos do expediente do alumnado.	Departamento Orientación	Equipo docente	Todo o curso
17	Elaboración e Proposta de adquisición de material do Departamento.	Orientadora	Comunidade educativa/ Dirección	Todo o curso
18	Asesoramento na realización e seguimento das ACS	Orientadora	Equipos docentes, profesorado de apoio, xefatura de estudos	Todo o curso
19	Asesoramento xeral na acción titorial. Revisión do plan de acción titorial.	Orientadora	Profesorado	Todo o curso
20	Elaboración e actualización de documentos e protocolos para o DO e PXAD	Orientadora	Comunidade educativa	Todo o curso
21	Asesoramento e colaboración na elaboración / revisión documentos do centro.	Orientadora	Claustro equipo directivo.	Todo o curso
22	Actuacións promotoras da convivencia	DO e Coordinadora de benestar-Orientadora	Comunidade educativa	Todo o curso.
23	Coordinación e establecemento de canles de comunicación entre os diferentes profesionais que	Orientadora	Equipo docente, familias	Todo o curso

	atenden os nenos e nenas e os organismos externos ao centro			
--	---	--	--	--

17.6 Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEAE.

➤ Organizativas

O departamento de orientación, levará a cabo a avaliación psicopedagóxica do alumnado que se determine. Os procedementos serán os seguintes:

- Derivación do titor/a ó departamento de orientación por medio dunha folla de solicitude de avaliación psicopedagóxica, que proporcionará o propio departamento e que debe cubrir o demandante.
- Entrevista co demandante, onde se afondará non só nos problemas que tamén poidan afectar sobre a súa situación na aula, familia, apoios.
- Información que o demandante posúa e poida ser relevante.
- Revisión da documentación que hai no centro referente ó alumno/a: informes, expediente.
- Entrevista coa familia, para informala da situación do seu fillo/a e que proporcione información relevante e autorice por escrito a realización de avaliación psicopedagóxica por parte do departamento.
- Proceso de avaliación psicopedagóxica propiamente dita, que incluírá diferentes situacións segundo o motivo da demanda: observación dentro e/ou fóra da aula, entrevista persoal co alumno/a, revisión de traballos, entrevista co resto do profesorado, aplicación das probas que se consideren oportunas.
- O departamento de orientación deseñará, coa colaboración do titor/a e/ou o profesorado, medidas de actuación que respondan á problemática e necesidades detectadas. (Tipos de agrupamento, metodoloxía, selección de contidos, actividades, materiais)
- Comunicación dos resultados da avaliación e das recomendacións pertinentes ao titor/a, ao alumno/a e a súa familia.

- A organización dos apoios especializados é orientativa e flexible, aberta a modificacións ao longo do curso, para adaptarse ás necesidades que vaian xurdindo.
- Tomarase como norma a comunicación á familia do tipo de apoio que recibe o alumnado. É importante para a atención ao alumnado con NEAE a colaboración e coordinación do profesorado especialista co resto do profesorado e outros profesionais externos que incidan na educación e formación do alumno/a. Os pais firmarán consentimento de colaboración externa.
- Convocaranse reunións periódicas entre o profesorado tutor, profesorado que incide directamente no alumno/a e a orientadora para coordinar, analizar, valorar e facer o seguimento dos apoios e realizar as modificacións que se consideren oportunas.

➤ **Estratexias metodolóxicas**

A metodoloxía basearase nos seguintes principios:

- Partirase da acción, aprender facendo, a través do xogo e das actividades variadas.
- Non axudarlles máis do necesario.
- Será individualizada, adaptada en cada momento as necesidades do alumnado e as súas posibilidades.
- Gratificar e gabar o logro por moi pequeno que sexa: intercalaranse actividades que sabemos que o alumnado pode saír airoso.
- Funcionalidade: unha mesma actividade pode posibilitar e facilitar a consecución de varios obxectivos.
- Darlles tempo suficiente, respectando os seus ritmos.
- Non ensinarlles máis dunha cousa á vez.
- Motivación: partir sempre da realidade vivida polos nenos/as, dos seus propios intereses.
- Esixirlles rematar o que empezan.
- Variedade: tanto de estímulos como de actividades e material.

17.7 Avaliación.

Para propoñernos uns obxectivos e poder constatar cal é o seu grao de consecución é necesario levar a cabo un proceso de avaliación. Neste caso a avaliación abranguerá 3 momentos:

- **Avaliación inicial:** servirá para obter información do punto de partida. Para elo empregaranse os datos da memoria final, a avaliación global do alumnado do curso pasado, os datos obtidos da avaliación inicial dos alumnos de Educación infantil. Partindo sempre do coñecemento dos recursos materiais e humanos cos que contamos.
- **Avaliación continúa:** terá carácter formativo. Permitirá adaptar as nosas actuacións ás demandas e necesidades existentes. Basearse nos resultados das diferentes actividades que se leven a cabo ademais, da valoración de mestres, familias, etc. sobre elas.
- **Avaliación final:** teranse en conta os datos das outras avaliacións, as reflexións do profesorado... e permitiran saber si os obxectivos propostos foron axeitados e realistas co fin de mellorar para o vindeiro curso.

Para concluír resaltar que esta programación terá un carácter aberto, flexible e revisable co obxecto de contribuír a mellorar a calidade do ensino.

18 Proxecto plurilingüe de centro

Durante este curso continuamos este proxecto no noso centro.

Impártese a materia de Educación Plástica en inglés en todos os niveis de Primaria.

Para a materia de Ed. Plástica contamos coa colaboración dun/dunha Auxiliar de Conversa, este curso foinos asignada unha persoa que colaborará en todas as clases de Arts e Inglés, celebracións e actividades.

A xustificación académica do proxecto é a seguinte:

- Mellorar a competencia lingüística en lingua inglesa dos nosos alumnos/as.
- Introducir ao alumnado nunha situación lingüística real onde se posibilite

a interacción co entorno.

- Posibilitar a diversidade lingüística no noso centro, promovendo o uso de varias linguas para facer do galego, castelán e inglés os tres pés que sosteñan o ensino primario, falando en termos de materia lingüística.
- Sacarlle o maior proveito a todos os medios persoais e tecnolóxicos dos que dispoñemos no noso centro.

➤ **Composición do Equipo Plurilingüe de Centro: -**

- Coordinadora : M^o Concepción Cascón Bravo - Mestres/as de Educación Plástica e visual
- Dayren Mosquera Suárez substituto Alfonso Moscoso
- Eva Rincon-Benzala Peña
- Rocío Cuñarro Neira
- Laura Vázquez Moreira
- Luís García Prado

Ademais de impartir esta materia en inglés tratamos, dende a mesma, de introducir ao noso alumnado nas costumes e dinámicas propias dos países de fala inglesa, incidindo nas conmemoracións propias dos mesmos, na súa cultura, xeografía, literatura...

Como reforzo neste proxecto contamos este curso no que nos foi concedido, coa axuda dunha auxiliar de conversa. Esta figura procede dun país de fala inglesa, neste caso USA, posibilita que o alumnado teña contacto activo cun falante da lingua na que impartimos esa materia e coñeza de primeira man a cultura e características salientables dese país. Esta colaboración da moito sentido ao desenvolvemento destes proxectos.

➤ **Actividades propostas dende o equipo plurilingüe**

- Colaborar coas celebracións do colexio engadindo sempre a cultura e idioma doutros países europeos.
- Como o noso obxectivo final é que os nenos entendan e falen o idioma inglés propoñemos o teatro como actividade a realizar dende dous ámbitos:

- Teatro representado polos alumnos para os nenos de educación infantil. Formar un grupo de teatro para traballar a expresión oral e a comunicación dun xeito lúdico e útil.
- Teatro representado por unha compañía profesional que virá ó colexio a representar unha obra para os alumnos de cinco seis e sete anos co obxectivo de practicar a escoita e a participación activa na comunicación.
- O longo do curso tamén realizaremos varios concursos de todo o colexio de Spelling para motivar os alumnos e relacionar a escritura coa fala xa que lles costa moito.
- A nosa auxiliar e máis a coordinadora levarán a cabo sesións de contacontos.

Na biblioteca do centro habilitarase unha zona de libros e contos en inglés para que os alumnos se animen a ler o a que lles lean en inglés:

- Na aula de informática instalaranse programas de aprendizaxe do inglés para que os menos
- Coa colaboración da biblioteca organizaremos un ENGLISH CLUB no que se invitará os nenos de sexto a ler en inglés. Unha vez ó mes virán no horario de tarde a biblioteca a participar no club a través de xogos, libros, Karaoke...
- Participaremos de maneira activa na Radio Escolar con pequenas gravacións en inglés.

Para rematar, o noso centro é plurilingüe e iso demostrámolo coas actividades que propoñemos para este curso colaborando no proceso de ensinanza-aprendizaxe do idioma inglés dun xeito lúdico e integrador.

19 Axenda do Proxecto lingüístico

O Decreto Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, establece que na Addenda anual deben concretarse os seguintes aspectos:

- a) Resultados da pregunta sobre a lingua que se lle fai ás familias que se incorporan ao sistema en 4º de Educación Infantil, os datos, de este curso escolar, son os seguintes:

Total de familias que responderon ao cuestionario: 29 .

Resultados:

- Galego principalmente: 1
 - Castelán principalmente: 18
 - As dúas por igual: 5
 - Outras linguas 5:
 - o 1 só ruso;
 - o 1 galego e portugués e
 - o 3 castelán e outras linguas (italiano, inglés e romanés) .
- b) Valoración das actividades que se desenvolveron no curso pasado e a información máis destacable do traballo que se fará neste curso, aspectos recollidos na PXA.

20 Libros de texto e demais materiais curriculares

Ver anexo I

21 Plan de autoprotección

Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre os plans de autoprotección. O Plan de Autoprotección, ten que ser elaborado por un técnico competente segundo indica o citado Decreto e publicado no DOG n.º 203 do 21 de outubro.

➤ Plan de Evacuación:

Os obxectivos da súa realización son:

- Detectar as insuficiencias e deficiencias do edificio para tomar as medidas correctoras axeitadas.
- Controlar a nosa capacidade de resposta ante unha situación de

emergencia.

- Realizar adestramentos e corrección de hábitos que nos permitan estar preparados/as para posibles situacións reais.

A empresa contratada para a elaboración, seguimento e posta en marcha das actuacións e melloras do plan é GESPLAN, a cal, durante o curso pasado actualizou todo o Plan de Autoprotección de Centro e ata, no mes de xuño, fixemos un simulacro.

Este curso, seguiremos con formación na temática e tamén, durante o 2º trimestre, levaremos a cabo un simulacro.

22 Plan de organización e coordinación do persoal non docente

PERSOAL NON DOCENTE	
Persoal de servizos	1 conserxe (tarefas asignadas polo Concello de A Coruña) Horario: Mañá: 08:30 - 14:30 h. Tarde: 15:45 - 18:15 h. (luns ata as 19:00 h.).
Auxiliares coidadores	3 coidadoras designadas por Inspección e coordinadas co Departamento de Orientación e dirección do centro.
Persoal intérprete de la lingua de signos	2 Intérpretes de Lingua de Signos Española (ILSE) designadas por Inspección e coordinadas co DO e dirección do centro.

Todas as funcións do persoal anteriormente descrito veñen recollidas na *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

23 Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coas familias

“*Crear canles que favorezan a comunicación, a participación e a colaboración dos membros da comunidade*” é un dos obxectivos específicos propostos no punto 4 do presente documento. De cara á consecución deste obxectivo, intentaremos crear espazos de comunicación entre os diferentes sectores.

- **Reunións do profesorado:** A través do calendario de reunións, os diferentes equipos atoparán un marco de encontro onde poder relacionarse, debater e intercambiar puntos de vista.
- **Comunicacións entre o profesorado e coas familias:** Para transmitir a información entre o profesorado empregamos o correo electrónico e o whatsapp como canles de comunicación. Para comunicarnos coas familias empregamos o sistema Abalar para compartir información do alumnado, de cara á información coas familias e tamén a páxina web do centro e o perfil da rede social Instagram para compartir información relevante.
- **Reunións dos órganos colexiados:** Recollidos no punto 6 do presente documento.

A relación coas familias debe ser o máis fluída posible. Organízase desde tres ámbitos diferentes pero complementarios:

- Desde o equipo Directivo
- Desde as titorías
- En actividades e conmemoracións. Potenciaremos a participación dos membros do Consello Escolar como representantes lexítimos dos sectores que integran a comunidade educativa.

A dirección do centro mantén relacións de participación e coordinación coa ANPA e na medida do posible facilita o uso das instalacións para a realización das actividades organizadas por diferentes asociacións.

Este curso, as reunións cas familias, xa se levaron a cabo no mes de setembro, a fin de poder explicar o desenvolvemento do curso escolar e informar da programación e normas polas que se van rexer.

XUNTANZAS DE INICIO DE CURSO COAS FAMILIAS		
DATA	CURSO	HORA
06/09/2023	4º INFANTIL	12:00
08/09/2023	1º PRIMARIA	12:00
11/09/2023	5º INFANTIL	16:00
	2º PRIMARIA	17:00
	5º PRIMARIA	17:00
18/09/2023	6º INFANTIL	16:00
	3º PRIMARIA	16:00
	4º PRIMARIA	17:00
	6º PRIMARIA	17:00

Queda a criterio do /a titor/a convocar máis reunións de todo o grupo ao longo do curso. Semanalmente está establecido unha hora no horario do profesorado para entrevistas coas familias, coa finalidade de que teñan información puntual no seguimento da actividade escolar dos seus fillos/as. Neste curso establecemos que a hora de atención aos pais será: os luns de 17:00 a 19:00.

Con carácter trimestral todas as familias reciben un boletín informativo coas cualificacións obtidas durante o trimestre.

24 Plan de transporte escolar

O transporte Escolar organízase en función da instrución 1/2021, do 25 de xuño, da Secretaría Xeral técnica da Consellería de Educación, Universidade e formación Profesional sobre a Xestión do Servizo do Transporte Escolar no Curso Escolar 2022-23.

O servizo de transporte do CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma é realizado por un total de dous autobuses e corre na cargo da empresa Autocares Vázquez.

Todo o alumnado que emprega transporte será custodiado polo profesorado de garda de transporte. Á chegada, ás 8:50 h. o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP

irán as súas filas correspondentes. Os nenos e nenas de 1º e 2º de EP farán unha fila ao baixar do autobús e un/unha mestre os acompañará ata o lugar das súas filas. Por último, o alumnado de Ed. Infantil será custodiado por dous profesores/as de garda en fila, subindo polo torreón, ata as súas correspondentes aulas.

Á hora da saída, o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º irá ata o bus e esperará na fila para subir; o resto do alumnado (infantil, 1º e 2º EP) é recollido polo profesorado de garda e custodiado ata o autobús, onde lles espera o monitor/a.

25 Plan de actividades propostas pola ANPA

A ANPA participa e colabora na vida escolar do centro e organiza as seguintes actividades:

- Programa madrugadores
- Comedor escolar
- Actividades extraescolares
- Cambiadores

Organizados e xestionados pola ANPA do Colexio, coa aprobación do Consello Escolar e coa autorización da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Estes programas funcionan todos os días lectivos, de luns a venres.

- De 7:30 a 8:15 h, servizo de madrugadores.
- De 9:00 a 14:00 h, servizo de cambiadores.
- De 13:45 a 16:00 h horas, servizo de comedor.
- De 16:00 a 18:00 h, servizo de actividades extraescolares.

➤ Comedor Escolar

O comedor escolar está xestionado pola ANPA do centro e xestionado pola empresa “Jardanay”. O menú é único para todos os usuarios/as, coa única excepción das indicacións médicas certificadas.

A zona de comedor e cociña está situada na planta baixa do edificio. A finalidade é a de dar servizo ao maior número de solicitudes. Este servizo, en funcionamento dende o primeiro ata o último día do curso escolar, ten como principal obxectivo favorecer a conciliación da vida familiar e laboral. Os usuarios de dito servizo deben cumprir as normas de utilización de dito servizo. O incumprimento das mesmas dará lugar a tomar as medidas reflectidas no NOF que regulan o comedor.

➤ **Programa Madrugadores**

Xestionado pola ANPA e levado a cabo pola empresa de catering Jardanay S.L, este programa foi autorizado pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, quedando supeditada dita autorización a que a entidade adxudicataria se responsabilice dos posibles danos, gastos e prexuízos que poidan ocasionar no centro usuarios das instalación, así como a responsabilidade civil que puidera derivarse de calquera incidencia que teña lugar durante o seu desenvolvemento.

Horario: de 07:30 a 08:15 horas de luns a venres en días lectivos.

Modalidades:

- Nenos/as que xa almorzaron na casa que chegan ás 07:30.
- Nenos/as que xa almorzaron na casa que chegan a partir das 08:00.

➤ **Cambiadores**

Servizo que da o ANPA ao alumnado de infantil para mudalos no caso que o precisen.

➤ **Actividades extraescolares**

Están organizadas e xestionadas pola ANPA ou polo Concello, e funcionan todos os días lectivos, de luns a venres, de 16:00 a 18:00 horas.

Este ano o centro terá as seguintes actividades dependendo do ANPA:

- **Eureka!:** Ciencia divertida.
- **Mans que falan:** lingua de signos.

- **Idiomas no centro:** inglés.
- **Baile, ximnasia rítmica e cine** (escola galega de teatro musical).
- **Baloncesto** (basket Coruña)
- **Judo** (educajudo. Ximnasio jk)
- **Robótica, guitarra e apoio escolar** (activa extraescolares).
- **Natación** (concello a Coruña)
- **Patinaxe.**
- **Fútbol sala.**

➤ **Outras actividades**

A ANPA poderá organizar e/ou colaborar co centro na organización de festas, talleres e outras actividades.

26 Plan de mellora

➤ **Análise dos resultados:**

Segundo os indicadores das diversa avaliacións, analizando entre outro datos os seguintes:

- Adaptacións curriculares que se leva a cabo no actual curso.
- Avaliación ordinarias e individualizadas de cada alumno/a.
- Repetidores por nivel.
- Alumnado que acude a aulas de PT ou AL.
- Alumnado que precisa apoio titorial.

Analizados os anteriores datos xunto coa realidade sociocultural donoso Centro, e unha vez vistos os resultados da avaliación diagnóstica externa que nos ofrece uns datos dentro da media da comunidade a pesar de encontrarnos no baremo ISEC baixo, propoñemos os seguintes obxectivos para acadar unha mellora nos resultados educativos.

➤ **Accións de mellora.**

- Participación en novos programas de estimulación e motivación do alumnado

(proxecto MUS-e, Proxecta, Biblioteca, Radio escolar, Voz Natura, etc.)

- Este curso tamén contaremos co apoio da figura de mediadora comunicativa en prácticas, xa que temos un convenio co CIF Ánxel Casal – Monte Alto e tamén solicitamos a colaboración do persoal profesional de FAXPG (federación de asociacións de persoas xordas de Galicia), polo convenio de colaboración que existe entre a Consellería de educación e dita federación, e conseguimos 2 sesións.
- Centro organizará todos os recursos humanos dispoñibles, no seu horario para realizar todas as labores de apoio e reforzo que podamos realizar.
- Seguimento dos principais casos de retraso a través das xuntas de avaliación e no departamento de orientación.
- Contratos-programa (Eduinnova), na súa liña de innova, estamos a levar a cabo o apoio interniveis para o reforzo e mellora nas competencias clave en ciencia e tecnoloxía e a competencia lingüística e en competencia matemática.
- Contratos-programa, Edusostibilidade e Edusaúde.

Ademais, este curso para poder acadar o éxito educativo a través do reforzo, apoio e acompañamento na aprendizaxe do alumnado con desfase curricular, temos no centro unha mestra de PT pertencente ao programa PROA+ para os niveis de 5º e 6º de EP.

➤ **Pautas xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.**

Autorización de propoñer tarefas extraordinarias para facer fóra do horario lectivo (deberes), tanto sexan de maneira de reforzo ou ampliación, así como aquelas tarefas que inciten ao estudo das diferentes materias, e que serán propostas polos diferentes titores ou especialistas para o grupo clase ou de maneira individualizada. Intentando ser respectuoso na súa cantidade coa conciliación da vida familiar normalizada para que non supoña unha sobrecarga para o neno/a.

27 Anexos

Anexo I: Libros de texto

1º NIVEL DE PRIMARIA - 2023/2024	
MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 1." PROYECTO CONSTRUYENDO MUNDOS" (TOMO ÚNICO EN ESPIRAL) EDITORIAL SANTILLANA ISBN: 978-84-680-7129-9
LENGUA CASTELLANA	LENGUA 1. "PROYECTO CONSTRUYENDO MUNDOS" LECTOESCRITURA. PRIMEROS PASOS (PAUTA) EDITORIAL SANTILLANA ISBN: 978-84-680-7160-2
LINGUA GALEGA	CADERNO LINGUA 1. LECTOESCRITURA. "PROXECTO CONSTRUIENDO MUNDOS" EDIT. SANTILLANA - OBRADOIRO ISBN: 978-84-918-5536-1 (SÓ É O CADERNO 1)
C. NATURAIS	SEN LIBRO
C. SOCIAIS	SEN LIBRO
INGLÉS	LEARN IT SHARE IT1& Sharebook (LIBRO DEL ALUMNO) EDITORIAL MACMILLAN EDUCATION ISBN:978-1-380-08093-6 LEARN IT SHARE IT1 AB EPK EDITORIAL MACMILLAN EDUCATION ISBN:978-1-380-08080-6
MÚSICA	SEN LIBRO
RELIXIÓN CATÓLICA	SEN LIBRO
RELIXIÓN EVANGÉLICA	SEN LIBRO
PLÁSTICA	SEN LIBRO
PROXECTO COMPETENCIAL	SEN LIBRO

2º NIVEL DE PRIMARIA - 2023/2024	
MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 2. "PROYECTO CONSTRUYENDO MUNDOS". VOLUMEN ÚNICO ESPIRAL. EDITORIAL SANTILLANA ISBN: 978-84-144-0856-8
LENGUA CASTELLANA	SEN LIBRO
LINGUA GALEGA	LINGUA 2º. "PROXECTO CONSTRUINDO MUNDOS" EDIT. SANTILLANA. (OBRADOIRO). MOCHILA LIXEIRA ISBN: 978-84-9185-675-7
C. NATURAIS	SEN LIBRO
C. SOCIAIS	SEN LIBRO
INGLÉS	KIDS CAN! 2 PUPIL'S BOOK&EXTRAFUN EDITORIAL MACMILLAN EDUCATION ISBN: 978-1-380-05179-0 KIDS CAN! 2 ACTIVITY BOOK (ESSENTIAL). EDITORIAL MACMILLAN EDUCATION ISBN: 978-1-380-07340-2
MÚSICA	SEN LIBRO
RELIXIÓN CATÓLICA	SEN LIBRO
RELIXIÓN EVANGÉLICA	SEN LIBRO
PLÁSTICA	SEN LIBRO
PROXECTO COMPETENCIAL	SEN LIBRO

3º NIVEL DE PRIMARIA - 2023/2024	
MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 3º. "CONSTRUYENDO MUNDOS". MOCHILA LIGERA EDITORIAL SANTILLANA ISBN: 978-84-680-7136-7
LENGUA CASTELLANA	LENGUA 3º. "PROYECTO OPERACIÓN MUNDO" EDITORIAL ANAYA ISBN: 978-84-698-9915-1
LINGUA GALEGA	LINGUA 3º. "PROXECTO OPERACIÓN MUNDO" EDITORIAL ANAYA ISBN: 978-84-698-9948-9
C. NATURAIS	CIENCIAS DA NATUREZA 3º. "PROXECTO COMUNIDADE ZOOM" EDITORIAL VICENS VIVES ISBN: 978-84-682-8533-7
C. SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS 3º. "PROXECTO COMUNIDADE ZOOM". EDITORIAL VICENS VIVES ISBN: 978-84-682-8537-5
INGLÉS	GO FAR 3º! EDITORIAL RICHMOND ACTIVITY BOOK. ISBN: 978-84-668-3663-0 *
MÚSICA	SEN LIBRO
RELIXIÓN CATÓLICA	SEN LIBRO
RELIXIÓN EVANGÉLICA	SEN LIBRO
PLÁSTICA	SEN LIBRO
PROXECTO COMPETENCIAL	SEN LIBRO

* Non comprar Class Book, o proporcionará o Centro.

4º NIVEL DE PRIMARIA - 2023/2024	
MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 4º. "PROYECTO CONSTRUYENDO MUNDOS". Mochila ligera. EDITORIAL SANTILLANA ISBN: 978-84-144-0769-1
LENGUA CASTELLANA	LENGUA 4º. "PROYECTO OPERACIÓN MUNDO" EDITORIAL ANAYA ISBN: 978-84-143-1929-1
LINGUA GALEGA	LINGUA 4º. "PROXECTO OPERACIÓN MUNDO" EDITORIAL ANAYA ISBN: 978-84-143- 1963-5
C. NATURAIS	CIENCIAS DA NATUREZA 4º. "PROXECTO COMUNIDADE ZOOM" EDITORIAL VICENS VIVES ISBN: 978-84-682-9250-2
C. SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS 4º.. "PROXECTO COMUNIDADE ZOOM" EDITORIAL VICENS VIVES ISBN: 978-84-682-9253-3
INGLÉS	GO FAR 4!. ACTIVITY BOOK. ED. RICHMOND ISBN: 978-84-668-36647 *
MÚSICA	SEN LIBRO
RELIXIÓN CATÓLICA	SEN LIBRO
RELIXIÓN EVANGÉLICA	SEN LIBRO
PLÁSTICA	SEN LIBRO
PROXECTO COMPETENCIAL	SEN LIBRO

* Non comprar Class Book, o proporcionará o Centro.

Anexo II: Estratexias metodolóxicas para o tránsito de educación infantil a educación primaria

➤ **Coordinación.**

1. Xuntanzas entre titores: antes de comezar un novo período lectivo realizarase unha xuntanza entre o novo profesorado titor de 1º de Educación Primaria e o anterior de 6º de Educación Infantil.

2. Visitas entre ciclos

a) Visitas do alumnado: o alumnado de 6º Educación Infantil en pequenos grupos ás aulas de 1º de Primaria para coñecerlas e tamén participar nalgunha actividade ou sesión.

b) Visitas do profesorado: o profesorado do 1º ciclo de Primaria acudirá ás aulas de 6º de Educación Infantil para realizar a lectura dun conto, participar da asemblea...

➤ **Formación.**

Necesidade de máis formación tanto dirixida ás familias como ao profesorado.

En relación ás familias desde o ANPA do centro propónse a creación dunha escola de nais e pais para a realización de charlas sobre distintas temáticas. O profesorado asesorará ao ANPA sobre os temas máis relevantes en función das necesidades observadas no día a día. Unha das temáticas a destacar sería a Educación Emocional. Sendo necesaria formación neste ámbito tanto para o profesorado como para as familias do centro.

➤ **Xuntanzas coas familias de 6º de Educación Infantil.**

1. Xuntanza de final de curso coas familias do alumnado de 6º de Educación Infantil: ao finalizar o curso convocarase ás familias para facer unha xuntanza na que participará o profesorado titor de 6º de Educación Infantil, profesorado do 1º ciclo de Primaria e a persoa responsable do Departamento de Orientación.

2. Realizaranse como mínimo dúas xuntanzas informativas ao longo do curso coas familias.

➤ **Metodoloxía.**

Na medida do posible, e sempre que as condicións da aula e do grupo o permitan, manteranse os seguintes aspectos metodolóxicos que se están levando a cabo en Educación Infantil:

- Traballo por equipos.
- Recantos de traballo.
- Asembleas.

➤ **Aspectos curriculares**

- Lectoescritura e outros aspectos.

Educación Infantil

Farase un traballo centrado nos prerrequisitos da lectoescritura, centrándose na conciencia fonolóxica e na estimulación da linguaxe oral, nas súas vertentes expresiva e comprensiva.

Ademais, fomentar o seu dominio progresivo do trazo a través da motricidade tanto grossa como fina, con actividades lúdicas como o grafoarte. A grafía elixida para o trazado das letras será a maiúscula.

Tamén traballaranse outros aspectos como as habilidades cognitivas, tales como a memoria, a atención, o cálculo, a simbolización e a categorización.

Educación Primaria

Realizarase unha avaliación inicial a cada neno para saber en que punto ou etapa se atopan en relación o proceso lectoescritor e outros aspectos.

Neste punto, sería de relevante importancia que se priorizaran, na medida do posible, os recursos persoais nas primeiras etapas educativas, ao seren nelas, onde se asentán as bases do proceso lectoescritor.

Anexo III: Criterios de Substitución

- As substitución realizaranse respectando, sempre que sexa posible, a equidade e a proporcionalidade.
- No caso de ausencia dun especialista a titoría será asumida pola persoa titoría.
- No caso de ausencia dunha persoa titora de infantil ou primaria, se é posible, será substituída, preferentemente, por algún docente que imparta docencia nesa etapa educativa respectando o indicado no punto 1.
- No caso de ausencia dunha persoa titora será cuberta por unha persoa de garda agás:
 - o Nesa sesión estea unha persoa de apoio (non especialista en PT ou AL) que quedará con todo o grupo.
- No caso de ausencias prolongadas da persoa titora de Educación Infantil farase cargo da titoría as persoas de apoio de Infantil.
- Cando un/unha docente quede sen alumnado nunha hora por estar este participando nunha actividade complementaria ou extraescolar realizará as posibles substitucións antes que as persoas de garda.
- No caso de non haber profesorado de garda suficiente para atender as posibles ausencias seguiranse a seguinte orde:
 - o Persoas con apoio nesa sesión.
 - o Persoas con coordinación.
 - o Profesorado de PT ou AL
 - o Equipo directivo.
 - o Sesión libre por transporte.

Anexo V: Plan de lectura

1. Introducción e contextualización do plan no centro

Atendendo ao establecido na Orde do 26 de maio, pola que se desenvolve o Decreto 155/2022 polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, é necesario a elaboración dun Plan de lectura no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Cabe resaltar que o noso centro leva integrado na rede de centros Plambe dende o curso 20-21 polo que xa vimos traballando na mesma liña a dende hai catro cursos. Cada ano imos ampliando a nosa oferta e tratando de mellorar para dar resposta a todas as necesidades do noso alumnado.

Todo o claustro participa na elección do Proxecto que se vai a desenvolver ao longo do curso a proposta de biblioteca. Isto supón un pequeno traballo de organización inicial para poder presentar as bases e puntos principais ao claustro. Unha vez que este o aproba, todos os equipos traballan de xeito coordinado de tal forma que o traballo se reparte tanto no calendario coma nos equipos, para non sobrecargar a ninguén. Así mesmo, isto permite que todo o centro se sinta partícipe do proxecto, podendo colaborar tanto a través do seu equipo como da súa titoría.

2. Análise do contexto.

Dende hai bastantes cursos implantouse no centro a *“hora de ler”*. Dedícanse 20 minutos diarios, dentro do horario lectivo do alumnado, á lectura. De cara a unificar criterios establécese, con carácter xeral, que dito período sexa despois do recreo, para todo o alumnado e profesorado do colexio. Dependendo da planificación do titor/a pódese realizar lectura silenciosa, lectura grupal dun mesmo libro, lectura por parte do mestre,.. Isto dependerá do curso, da competencia lectora do grupo, do obxectivo que se persiga nese momento e da planificación do profesor@. Tendo sempre como obxectivo o desenvolvemento da comprensión lectora.

Antes da planificación de dita “hora de ler” o profesorado fará unha avaliación e valoración da competencia lectora do grupo, xa que o noso centro alberga unha grande diversidade, así como alumnado que se vai incorporando ao longo do curso. Estes aspectos teranse en conta, co obxectivo de atender a todas as individualidades do alumnado.

3. Obxectivos

➤ Obxectivos xerais

- Favorecer o hábito lector e a mellora da competencia lectora desde todas as áreas do currículo.
- Acadar unha velocidade lectora e expresión oral, acorde coas distintas idades.
- Mellorar o nivel de comprensión lectora.
- Programar actividades de animación á lectura acordes ás idades e niveis.
- Desenvolver a lectura recreativa empregando para elo a biblioteca de aula.
- Empregar a lectura como fonte de goce e información.
- Implicar ás familias, asesorándoas sobre como poden contribuír a fomentar o gusto pola lectura na casa, a partires do empréstimo de libros da biblioteca.
- Fomentar o emprego da biblioteca como centro de documentación e de investigación, que o alumnado o identifique como un lugar de procura de información.
- Avaliar a competencia lectora do noso alumnado.

➤ Obxectivos específicos

a) Educación infantil

- Espertar o interese e o gusto pola lectura.
- Aumentar o vocabulario e comprensión oral do alumnado.
- Tomar contacto con distintos tipos de textos (contos, rimas, adiviñas...).
- Desenvolver a creatividade, fantasía e imaxinación.

b) 1º e 2º de Primaria

- Aumentar a comprensión lectora e o vocabulario do alumnado.
- Ser capaz de contar unha historia ou expresar a súa idea principal despois de ter escoitado ou lido.
- Potenciar o emprego da biblioteca de aula.
- Desenvolver a creatividade, fantasía e imaxinación.

c) 3º e 4º de Primaria

- Mellorar a pronunciación, entoación, velocidade e ritmo de lectura.
- Mellorar a comprensión lectora e ampliar o vocabulario.
- Recoñecer a estrutura dun determinado texto (presentación, nó e desenlace), así como a súa idea principal.
- Distinguir diferentes tipos de textos (narrativo, descritivo, expositivo...)
- Desenvolver a escritura e o inicio desta con pequenas composicións.
- Desenvolver a creatividade, fantasía e imaxinación.

d) 5º e 6º Primaria

- Perfeccionar a pronunciación, entoación, velocidade e ritmo na lectura.
- Mellorar a comprensión lectora e ampliar o vocabulario.
- Distinguir diferentes tipos de textos (narrativo, descritivo, expositivo...) e estilos literarios.
- Recoñecer o sentido global dun texto e identificar as ideas principais e secundarias do mesmo.
- Fomentar o emprego do dicionario.
- Incentivar o uso da biblioteca como lugar de investigación e procura de información fiable.
- Espertar o espírito crítico do alumnado á hora de valorar e dar veracidade á información recibida a través de distintas canles.
- Potenciar o emprego das bibliotecas municipais, de centro e de aula.
- Desenvolver a escritura e o inicio desta con composicións en distintos formatos literarios.
- Desenvolver a creatividade, fantasía e imaxinación.

4. Estratexias para acadar os obxectivos

4.1. Estratexias de apoio ao currículo

Partimos de que as seguintes premisas son básicas para que cada docente coñeza o punto de partida e o camiño a seguir para acadar os obxectivos propostos:

- Avaliar o nivel lector do alumnado.
- Dedicar 20 minutos diarios, dentro do horario lectivo do alumnado, á “*hora de ler*”.
- Incluír en todas as materias a lectura de textos non escolares en distintos soportes (extraídos de Internet, da prensa diaria, de revistas especializadas e dos libros de consulta existentes na biblioteca), garantindo a comprensión dos mesmos. Intentarase que algunhas destas actividades sexan levadas a cabo na propia biblioteca.
- Fomentar a lectura de textos narrativos e expositivos na lingua estranxeira cursada.
- Fomentar a práctica na aula e fóra dela de distintos tipos de lectura: lectura en voz alta, lectura para buscar unha información concreta, lectura global, lectura para satisfacer a curiosidade, lectura para entreterse... Durante este curso apostaremos pola lectura en voz alta, xa que os nenos e nenas dos cursos superiores irán ler, polo menos catro veces ao longo do curso, ás clases dos máis pequenos. Este lectura traballarase e preparase con anterioridade tanto na casa, como na aula co propio titor/a.

4.2. Estratexias e actividades de comunicación

- Propoñer ao alumnado a realización de pequenos traballos de investigación de carácter interdisciplinar empregando fontes variadas. Este aspecto está especialmente vinculado ao noso PDI, xa que cada aula deberá facer unha pequena investigación para preparar as súas creacións artísticas e a súa exposición.
- Fomentar o traballo en grupo como medio de facilitar os intercambios orais e de axudarlles a obter unha maior comprensión e interpretación dos textos.
- Presentar o resultado dos traballos de investigación en soportes variados: dramatizacións en forma de teatro ou de reportaxe gravando as mesmas

en vídeo, a través dun programa de radio, cunha presentación en PowerPoint, etc.

- Preparar exposicións orais sobre os traballos realizados.
- Elaborar programas de radio nos que se transmita o aprendido a través de distintos formatos: programa de entrevistas, concursos, programa explicativos,...

4.3. Estratexias e actividades de dinamización cultural

- Durante este curso, ao igual que nos anteriores, intentaremos contar coas visitas de autores e outras actividades como teatro ou contacontos.
- Seleccionar libros de lecturas para os distintos cursos e niveis.
- Realizar actividades de apadriñamento lector, nas que grandes e pequenos gocen da lectura en compañía.
- Elaborar guías de lectura ou aproveitar as elaboradas por outros centros e institucións e difundilas a través dos taboleiros de anuncios das aulas, da páxina web...
- Realizar reseñas dos libros lidos e difundilos do mesmo xeito que no punto anterior e a través do blogue e radio, nos que sexa o alumnado o que realice ditas recomendacións.
- Asistir a obras de teatro, visitas a bibliotecas, librarías, proxección de películas procurando que as actividades estean adaptadas á idade e preparación do alumnado. Estas actividades non se realizarán de xeito illado ou puntual, senón que se realizarán actividades previas e posteriores ás mesmas para garantir o seu aproveitamento didáctico..
- Asistir aos concertos didácticos planificados na Programación Anual.
- Continuar coa práctica de representación de obras teatrais en celebracións específicas (Nadal, Día das Letras Galegas...), dentro de actividades relacionadas co PDI ou con outras actividades que podan xurdir ao longo do curso.
- Visitar xornais, estudos de televisión e emisoras de radio e asistir á gravación dalgún programa.
- Celebración de actos conmemorativos en datas sinaladas: Día do Libro, Día das Letras Galegas...
- Organización de concursos de carteis, fotografías, marcapáxinas así

como de concursos literarios.

- Realizar exposicións anuais, na biblioteca, dos traballos realizados polos alumnos e alumnas dentro do marco do PDI.
- Publicar todas as actividades que se realizan na biblioteca a través do blogue, favorecendo e incentivando así a participación do alumnado e familias.

5. Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Á hora de avaliar o presente Plan de Lectura teremos en conta principalmente a valoración dos seguintes aspectos:

- A colaboración da Comunidade Educativa.
- Aumento progresivo do hábito lector.
- A mellora na utilización dos diferentes soportes de información, localizando e interpretando correctamente as reseñas informativas.
- A comprensión e o uso dos sistemas de clasificación.
- A mellora no achegamento ao mundo da información e a súa influencia na vida sociocultural.
- A adquisición de hábitos adecuados con respecto aos espazos e materiais informativos.
- Fomento do interese polas tarefas de busca e acceso á información.
- A aprendizaxe cooperativa e o desenvolvemento de habilidades e estratexias de información relacionadas con temas de actualidade.
- Se a biblioteca estase a converter en centro de documentación, en centro de aprendizaxe, en centro de experimentación e creación, e en espazo para o lecer de todos os usuarios.
- A mellora na xestión e promoción da biblioteca.

Os procedementos para levar a cabo dita avaliación serán:

- A observación e valoración por parte das integrantes do equipo e do resto do profesorado.
- Os resultados das enquisas de valoración da biblioteca que se realizan cada final de curso.

- As suxestións do alumnado que se recollen ao longo de todo o curso nas follas de suxestións.
- O grado de implicación da comunidade educativa nas actividades propostas.

En base aos resultados da avaliación tomaremos as medidas de modificación que sexan necesarias, podendo levar a cabo as seguintes accións:

- Observación da adecuación do espazo ás distintas actividades que nel se realizan. Realizaranse as modificacións necesarias para conseguir unha biblioteca que dea cabida a unha maior variedade de actividades, facendo da mesma un espazo máis versátil que invite ao alumnado a achegarse a ela con curiosidade e inquiredanzas.
- Dotar á biblioteca de máis recursos e materiais axeitados para facer da nosa biblioteca un espazo cada vez máis inclusivo e integrador e dalos a coñecer entre o profesorado para fomentar a súa utilización.

En canto á difusión do mesmo dentro do propio centro farase a través de actividades conxuntas, exposicións, paneis informativos, programas de radio, etc. A difusión de cara ao exterior do centro farase a través de visitas ao centro para ver as actividades e exposicións que se preparen e por último, a través da páxina web do centro, do blogue, das redes sociais e do canal de Ivoox.

Anexo VI: Plan de Biblioteca

1. Introducción e contextualización do plan no centro.

Cabe resaltar que o noso centro leva integrado na rede de centros Plambe dende o curso 20-21 polo que xa vimos traballando na mesma liña dende hai catro cursos. Cada ano imos ampliando a nosa oferta e tratando de mellorar para dar resposta a todas as necesidades do noso alumnado.

Todo o claustro participa na elección do Proxecto que se vai a desenvolver ao longo do curso a proposta de biblioteca. Isto conleva un pequeno traballo de organización inicial para poder presentar as bases e puntos principais ao claustro. Unha vez que este o aproba, todos os equipos traballan de xeito coordinado de tal forma que o traballo se reparte tanto no calendario coma nos equipos, para non sobrecargar a ninguén. Así mesmo isto permite que todo o centro se sinta partícipe do proxecto, podendo colaborar tanto a través do seu equipo como da súa titoría.

2. Análise do contexto

A principios de curso organizamos un horario con sesións na biblioteca para cada grupo, de tal xeito que o titor/a é o encargado de realizar o empréstimo de libros, o que permite que todo o alumnado vaia a biblioteca e que os titores e titoras podan aconsellar e favorecer a lectura, xa que a figura do titor/a é o que máis coñece ao seu propio alumnado.

Así mesmo, tratamos de planificar actividades que inviten aos titores a baixar a biblioteca e usar este espazo como lugar de traballo.

Cada ano realizamos formación para o alumnado e o profesorado no coñecemento da CDU e dos espazos da nosa biblioteca.

Por outra banda o curso pasado iniciamos os recreos na biblioteca e foi todo un éxito. Este curso continuamos con eles e seguimos contando coa colaboración dun amplo número de voluntarios e voluntarias, o cal é digno de ser destacado, xa que o noso centro conta con outras actividades nas que poden participar nos recreos como son a radio, a horta, o galiñeiro e o coro.

Con respecto ao funcionamento do propio equipo de biblioteca, para o vindeiro curso a previsión é que haxa poucos cambios entre as integrantes do mesmo,

xa que somos mestras definitivas no centro. Continuaremos coas reunións mensuais do equipo de biblioteca convocadas nun dos recreos. Dende o equipo valoramos que estas reunións son moi útiles xa que nos permiten ser máis eficientes na organización interna do traballo, tanto co reparto das tarefas así como sendo un espazo de encontro para avaliar o proceso de traballo e procurar solucións ás dificultades que van xurdindo no día a día.

3. Obxectivos

Agrupamos os obxectivos atendendo a varios criterios:

a) Organización do traballo por parte do equipo, tanto do funcionamento da propia biblioteca como para o desenvolvemento do Proxecto Documental Integrado.

A comezos de curso unha das tarefas fundamentais será a realización dun expurgo e dos libros. Aproveitaremos para localizar todos aqueles títulos que nos poidan servir para o PDI dese curso, e colocarlles a etiqueta correspondente.

Outra tarefa do equipo será a selección de títulos para as caixas de infantil, que continuaremos levando ás aulas, porque facilitan moito o empréstito.

O equipo ocuparase da actualización do blogue, do instagram e de subir os programas de radio á nosa canle de Ivoox, á que se pode acceder a través do noso blogue.

As integrantes do equipo tamén son as responsables de organizar os obradoiros que se realizan durante os recreos. A temática deste obradoiro cambia mensualmente (ciencia, debuxo, banda deseñada, etc..)

Por outra banda, atendendo as demandas do alumnado na enquisa de avaliación final, o vindeiro curso durante os recreos haberá un espazo dedicado á robótica e outro á experimentación científica. A organización, supervisión e dinamización deste espazo, tamén é responsabilidade do equipo de mestras.

En canto á organización do PDI do vindeiro curso, o tema será “Estilos Artísticos”. Este foi elixido polo alumnado e profesorado, despois de recibir unha campaña informativa das dúas temáticas a través dun vídeo da nosa mascota. O obxectivo

destas eleccións é dar maior autonomía e participación ao alumnado e xerar unha maior implicación e motivación. Así mesmo, realizamos xa, unha primeira reunión para poder planificar os obxectivos e actividades do PDI antes de que empece o próximo curso.

Visto o éxito destes cursos, apostaremos novamente polo traballo en coordinación co resto dos equipos do centro á hora de planificar as actividades, de xeito que todos traballemos nun mesmo camiño, sen solaparnos nin sobrecargar a profesorado e alumnado de actividades inconexas.

b) Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

Neste curso continuaremos dando revitalizando o papel da nosa biblioteca no centro. No vindeiro curso un dos obxectivos principais do equipo da biblioteca é o de conseguir que profesorado e alumnado vexan este espazo como un lugar de traballo e investigación, no que o alumnado sexa o artífice e protagonista. Para isto é necesario continuar aumentando e mellorando a calidade dos nosos fondos de divulgación, co obxectivo tamén de chegar a ese desexado 60% do noso catálogo, así como recursos para a experimentación e robótica.

Dentro das propostas do noso PDI, contaremos coa visita de expertos no tema aos que exporanse as nosas dúbidas e que esperten no alumnado novas inquedanzas e curiosidades, que lles fagan recorrer a estes libros na busca de respostas.

Durante este curso continuar dotando á biblioteca de xogos e material manipulativo axeitado ao noso alumnado e que dean resposta ás súas necesidades é un dos nosos obxectivos a curto prazo.

Tamén temos intención de seguir adentrándonos na aplicación das ferramentas de robótica, para o cal teríamos que continuar coa elaboración de paneis axeitados á temática do noso PDI.

c) Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional

Como mencionamos anteriormente, o curso pasado o voluntariado de biblioteca tivo un gran papel, xa que participaron 44 alumnos e alumnas. Para este curso daremos máis autonomía aos voluntarios de biblioteca, implicándoos máis na organización e xestión da mesma, así como na organización de actividades ou impartindo talleres. Durante o mes de setembro formaremos aos voluntarios en xogos e robótica para que eles sexan os que dirixan estes espazos durante os recreos.

A comezos de curso realizaremos obradoiros para todo o alumnado e profesorado, nos que se lles informará das normas da biblioteca e poderán coñecer as características e posibilidades dos distintos espazos da mesma. Así mesmo, no blogue segue presente un vídeo no que a mascota explica o funcionamento do empréstimo virtual e no que se explican criterios a ter en conta á hora de buscar e elixir un libro.

Nos cursos superiores fomentaremos a consulta do noso catálogo de xeito virtual, xa que a estas idades xa poden facer pescudas atendendo a determinados criterios e gustos. Este curso faremos fincapé no empréstimo dixital a través da plataforma E-elbe nos cursos de 5º e 6º, e animaremos ao profesorado a que a use para algunha lectura colectiva.

Por outra banda, realizaremos obradoiros de utilización das redes impartidos por expertos para o alumnado dos cursos de 5º e 6º. Así mesmo, o espírito crítico sobre como se pode transmitir de xeito veraz a información ou como esta pode ser transmitida atendendo a distintos intereses nas redes e nos medios de comunicación será experimentado en primeira persoa ao traballar na radio e co croma. A utilización do croma lles fará reflexionar sobre o fácil que é manipular unha imaxe na actualidade, actividade que realizamos este curso e que resultou un gran éxito.

d) Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector de centro.

Continuaremos coas caixas de libros que levamos ás aulas, co empréstimo que se realiza seguindo un calendario durante a hora da lectura e fomentaremos o uso da plataforma E-Elbe nos cursos superiores.

Publicaremos as novidades tanto no recuncho creado no hall do centro como no

noso blogue e na radio.

Continuaremos coa “biblio-patio”, actividade da que se responsabiliza o alumnado de 3º en adiante. Teñen dous carros de libros, un dirixido a infantil e primeiro ciclo de primaria e outro dirixido a segundo e terceiro ciclo que sacan durante o recreo.

Retomaremos os apadriñamentos lectores, as lecturas compartidas e as visitas de familias que veñen lerlles aos máis pequenos.

Como novidade, organizaremos un contacontos semanal. Cada neno ou nena de terceiro a sexto, preparará un conto para lerlle a unha clase de infantil ou do primeiro ciclo de primaria. Tal como temos exposto, isto permitiría que os cursos inferiores teñen un contacontos cada semana e o alumnado dos cursos superiores lea un conto en cada trimestre.

Continuaremos organizando concursos e actividades co obxectivo de que sexan eles os creadores. Cada ano organizamos varias actividades nas que a expresión oral cobra protagonismo (radio, lecturas continuadas, recitado de poesía...).

O noso obxectivo é ampliar o abano de ofertas, de xeito que todos e cada un dos nenos e nenas se encontren atraídos por algunha das propostas que lles plantexemos.

e) Biblioteca inclusiva

Hai dous cursos elaboramos carteis para sinalizar as distintas zonas con pictogramas e LSE, de xeito que a información sexa accesible para todos e todas. Este curso continuamos con todas as seccións da CDU e durante o vindeiro curso continuaremos traballando na mesma liña, intentando adaptar todo o material e produtos que se realicen na biblioteca. Así mesmo, continuaremos mercando máis fondos de Lectura Fácil, libros con pictogramas e en LSE, xa que contamos con alumnado xordo.

Por outra banda, á hora de seleccionar novos fondos para o noso catálogo, sempre temos en conta que sexan inclusivos e recollan as distintas realidades que existen no noso centro e na nosa sociedade. Este aspecto tamén se ten en

conta á hora de seleccionar novos xogos e materiais, primando os cooperativos e os materiais máis versátiles.

Outro aspecto da inclusión que tratamos de ter en conta é a igualdade de xénero, tratando de expor ao alumnado libros que visibilizan o papel da muller. Ademais dende a biblioteca, en colaboración co resto de equipos do centro propoñemos actividades durante todo unha semana en torno á conmemoración do Día da Muller, tratando de visibilizar e valorar o traballo e o papel das mulleres na sociedade.

4. Procedemento de seguimento, avaliación e difusión

Realizaremos a avaliación das actividades propostas a través dunha enquisa final, na que alumnado e profesorado valorarán as actividades realizadas. Nesta enquisa se lles pide ademais que suxiran actividades que lles gustaría realizar no centro.

Na caixa de empréstito de libros inclúese unha folla de suxestións por se hai libros ou temáticas que non atopan na biblioteca. Tamén poden facelo no servizo de préstamo do blogue. No vindeiro curso temos intención de incorporar unha caixa de correo de suxestións.

En canto á difusión farase a través da páxina web do centro, do blogue da biblioteca e das redes sociais de ambos.

Anexo VI: Plan de actividade física

1. Introducción.

Nas últimas décadas foron cobrando maior presenza e importancia os problemas de saúde relacionados cos cambios producidos nos estilos de vida, e máis concretamente co sedentarismo e o aumento do consumo de alimentos ultraprocesados, que se converteron nun dos principais causantes de enfermidades, entre as que se encontran, entre outras, a obesidade, as enfermidades cardiovasculares, a diabetes. Este tipo de enfermidades son unha causa, cada vez máis importante, de perda de calidade de vida, na poboación infantil, xuvenil e adulta.

A concepción integral da educación non pode ser allea a esta realidade. Desde os centros educativos debe actuarse con convicción e determinación establecendo plans de actuación que permitan concienciar ao alumnado e as súas familias da importancia capital dos hábitos saudables.

Desde o CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma, e seguindo o establecido na *ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa*, vaise desenvolver un **Plan de actividades físicas e hábitos saudables**. Este Plan terá por finalidade a práctica diaria de deporte e de exercicio físico e actividade física durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.

2. Análise do contexto.

A realidade do CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma non é allea a os cambios de hábitos das familias e dos nenos e nenas.

Un ocio cada vez máis baseado nos dispositivos electrónicos, a cesión de espazos nas cidades para os vehículos en detrimento das persoas, a ausencia de parques de xogos, a falta de tempo por motivos laborais dos adultos... contribúen enormemente á redución do tempo de actividade física.

A situación antes descrita fai do sedentarismo algo común entre o noso alumnado. O tempo de lecer, as sesión de Educación Física e as actividades que se organizan desde o centro, se converten, en moitas ocasións nos seus únicos momentos de actividade física.

Os datos recollidos do alumnado de 5º e 6º de Primaria en anos anteriores a través da ferramenta DAFIS amosan que unha porcentaxe importante do alumnado presenta sobrepeso como consecuencia do sedentarismo e duns hábitos de alimentación pouco saudables.

Os hábitos alimenticios do alumnado son facilmente observables a través da análise das merendas do alumnado no tempo de lecer. Esta, demostra que, pese a subministración de froita gratuíta todos os luns, unha parte significativa do alumnado trae ao centro de maneira sistemática alimentos ultraprocesados (bolos industriais, snack salgados, embutido...).

Desde o centro e para dar resposta ao descrito nos parágrafos anteriores desenvolverase este **Plan de actividades físicas e hábitos saudables**.

3. Obxectivos, accións para o seu desenvolvemento e indicadores de logro.

OBXECTIVO		
Incrementar a práctica de actividade física fóra do tempo de lecer e das sesión de Educación física		
Acción		
Participación na milla diaria do PVAD		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
O alumnado realiza a milla diaria fóra das sesión de Educación Física e de tempo de lecer	Todo o curso	Profesorado titor
Acción		
Introducir nas conmemoracións do centro xogos, deportes, bailes... para todo o alumnado		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
No 50% das conmemoracións de centro	Datas das	Profesorado de música

realízase actividade física (xogos, deportes, bailes...	conmemoracións	e Educación Física.
---	----------------	---------------------

OBXECTIVO		
Fomentar a práctica e o coñecemento de diversas prácticas deportivas e xogos		
Acción		
Vista de clubs deportivos ao centro		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
Realízase unha visita trimestral de clubs deportivos	Todo o curso	Profesorado de EF
Acción		
Participación no programa municipal “O Atlántico, parte de ti”.		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
O alumnado de 5º e 6º de EP participa no programa	Todo o curso	Profesorado de EF
Acción		
Realización campionatos de deportes alternativos no período de lecer		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
Organízase un campionato co alumnado de 2º e 3º ciclo	Todo o curso	Profesorado de EF
Acción		
Dinamización das zonas de recreo		

Indicador de logro	Temporalización	Responsables
O alumnado conta con material de EF para o seu tempo de lecer	Todo o curso	Profesorado de EF
Acción		
Organización de xogos co alumnado de infantil e 1º ciclo por parte de alumnado voluntario no tempo de lecer		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
O alumnado voluntario organiza xogos unha vez por semana	De novembro a xuño	Profesorado de garda no recreo e de EF

OBXECTIVO		
Fomentar o consumo de merendas saudables e baixas en residuos		
Acción		
Realización de charlas de alimentación saudable		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
O 50% das clases participa en charlas de alimentación saudable	Todo o curso	Profesorado de EF
Acción		
Análise das merendas do alumnado		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
Realízase de xeito mensual a análise das merendas que trae o alumnado.	Todo o curso	Persoa titora e docentes de EF

Acción		
Recomendación de froitas de tempada e almozos saudables para os recreos		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
Elaboración dunha guía con recomendación de almozos saudables e froitas de tempada	Todo o curso	Profesorado de EF

4. Avaliación do Plan.

A **avaliación** deste Plan debe entenderse como un **elemento fundamental** do mesmo. Unha avaliación adecuada e planificada servirá, non so para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos marcados, se non que debe aportar información que permita reformular as accións deseñadas, elaborar propostas de mellora...

Atendendo a isto realizaranse dous tipos de avaliación:

- **Avaliación procesual:** levarase a cabo ao final de cada trimestre por parte. Analizarase os estado de execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- **Avaliación final:** terá lugar ao finalizar o curso escolar por parte do claustro e do consello escolar. Debe valorarse o grao de consecución dos obxectivos en función dos seus indicadores de logro e, de ser o caso, o establecemento de propostas de mellora.

Como cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos, que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi alcanzado ou se é necesario realizar variacións na formulación destas accións, cada curso escolar actualizarase e adecuarase o Plan ás necesidades concretas dese curso.

5. Difusión do plan.

O **Plan de actividades físicas e hábitos saudables** difundirase a través da web oficial do centro. A súa concreción anual recollerase na Programación Xeral

Anual.

Anexo VII: Plan Dixital

1. Introducción.

Este Plan Dixital debe xustificarse legalmente polo que para a súa elaboración tívose en conta:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

2. Análise do contexto.

O CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma atópase no barrio de Visma, un barrio con esencia de aldea dentro da cidade de A Coruña. Este lugar é colindante coa terceira ronda, unha das principais vías de entrada e saída á cidade. San Pedro de Visma é o centro do barrio do mesmo nome, pero tamén da parroquia que agrupa actualmente 30 lugares, desde San Roque de Fóra ou Labañou a Nostián ou Bens.

As familias do noso centro, proceden, maioritariamente, desta zona da cidade, aínda que tamén temos alumnado procedente da área metropolitana (Arteixo, Oleiros, Cambre...). A situación económica dos habitantes desta zona é moi diversa, pasando por familias de nivel medio (profesionais liberais e autónomos na súa maioría), ata un número importante de familias cun baixo nivel socioeconómico, algunhas delas incluso en risco de exclusión social. Ademais, contamos cun elevado número de familias inmigrantes; o que fai que o CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma presente un abano moi diverso na súa comunidade educativa. A un quilómetro do noso centro, aproximadamente está

o IES Rafael Dieste, ao que estamos adscritos. Ademais, o noso colexio está rodeado por outros centros educativos.

O proxecto de centro anual marca as liñas de actuación en relación á tecnoloxía e usos dixitais, pero dun modo moi xenérico, sen concretar exactamente as accións que se buscan. Ademais incídese no uso das TIC a nivel colectivo (para o propio centro: uso páxina web, de redes sociais,..) pero non se especifica nada en concreto para a docencia co alumnado. A traxectoria do persoal docente no ámbito das novas tecnoloxías é moi variada; hai mestres/as que empregan a aula virtual, moodle, abalar, material dixital e recursos tecnolóxicos na súa totalidade pero tamén contamos cun número de mestres que non recorren, de feito tan frecuente o moi rara vez, ás novas tecnoloxías.

O Plan dixital conta cunha forte relación cos Plan e proxecto de centro, así como coa PXA, xa que o que se busca é seguir traballando os contidos dos Plans de centro e da PXA complementando estes coas tecnoloxías e a dixitalización de contidos: exposición de resultados, información de eventos escolares, comunicación coas familias, recursos dixitais de aula, etc. Actualmente, o noso centro conta cos seguintes Programas de innovación educativa: proxecto lingüístico, proxecto lector, proxecto tic, proxecto de dinamización da lingua galega, proxecto de dinamización da biblioteca escolar, proxecto plan proxecta de vida activa e deportiva, proxecto voz natura, proxecto de patios dinámicos e proxecto de centro plurilingüe.

En relación coa PXA, o noso centro camiña cara a “alfabetización da autonomía dixital” impulsando un novo modelo de inclusión dixital, que integre as accións para a que calquera persoa, independentemente do nivel dixital no que se atope, poida avanzar, madurar e acceder aos maiores niveis de coñecemento e uso das TIC, camiñando cara a innovación social dixital. Na PXA recóllense obxectivos propios do centro que teñen unha directa relación co Plan Dixital:

- Promover nos centros un clima de convivencia positivo, fomentando a igualdade entre sexos, o respecto ás diferenzas entre iguais e a prevención da violencia de xénero e do acoso escolar: O plan de dixitalización fará seu este obxectivo, pero concretándoo no mundo virtual.
- Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e do profesorado:

un obxectivo para o que o plan de dixitalización vólvese imprescindible.

- Promover as relacións e establecer canles de comunicación fluídas coas familias, a AMPA e coas institucións e organismos da Xunta creando un clima de convivencia positivo. Seguirase fomentado que as canles dixitais sexan prioritarias, xa que resultan moi efectivas e rápidas

3. Obxectivos, accións e indicadores de logro

OBXECTIVO		
Favorecer o intercambio de recursos didácticos entre o profesorado.		
Acción		
Creación na AV do centro dun banco de recursos para o profesorado		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
Existen recursos en todos os ciclos	Todo o curso	Responsable TIC

OBXECTIVO		
Fomentar entre o alumnado unha utilización responsable e segura das novas tecnoloxías		
Acción		
Participación do Plan Director da CNP		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
O alumnado de 5º e 6º participa no Plan Director	Todo o curso	Persoa coordinadora de actividades complementarias e extraescolares
OBXECTIVO		

Incrementar a competencia dixital no profesorado na práctica docente		
Acción		
Realización dunha liña do PFPP do centro sobre Polos Creativos		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
Realízase a liña do PFPP de polos creativos	Todo o curso	Responsable de formación.

OBXECTIVO		
Empregar os recursos corporativos dixitais como medio de comunicación		
Acción		
Uso de abalar entre o profesorado como medio de comunicación coas familias		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
O 90% do profesorado emprega Abalar para comunicarse coas familias e responsables	Todo o curso	Todo o profesorado
Acción		
Mantemento actualizada da web do colexio		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
A web conta coa documentación do centro, autorizacións para as familias e novas máis salientables.	Todo o curso	Equipo TIC

OBXECTIVO

Incrementar a dotación informática		
Acción		
Adquisición de recursos informáticos para responder ás necesidades educativas do alumnado		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
Adquírense novos equipos	Todo o curso	Responsable TIC e Equipo Directivo

4. Avaliación do Plan.

A avaliación deste Plan Dixital debe entenderse como un elemento fundamental do mesmo. Unha avaliación adecuada e planificada servirá non so para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos marcados, se non que debe aportar información que permita reformular as accións deseñadas, elaborar propostas de mellora...

Atendendo a isto realizaranse dous tipos de avaliación:

- Avaliación procesual: levarase a cabo ao final de cada trimestre por parte do equipo de Dinamización do Plan Dixital. Analizarase os estado de execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Avaliación final: terá lugar ao finalizar o curso escolar por parte do claustro e do consello escolar. Debe valorarse o grao de consecución dos obxectivos en función dos seus indicadores de logro e, de ser o caso, o establecemento de propostas de mellora.

5. Difusión do plan.

O Plan Dixital difundirase a través da web oficial do centro. A súa concreción anual recollerase na Programación Xeral Anual.

ANEXO VIII: Plan de benestar e convivencia

1. Introducción.

A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, dedica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo. No artigo 35.1 refírese á obrigatoriedade de que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, independentemente da súa titularidade, deben ter unha coordinadora ou un coordinador de benestar e protección do alumnado, que actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección ou a titularidade do centro.

Nesta mesma lei orgánica establécese que todos os centros educativos elaborarán un plan de convivencia, de conformidade co artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, entre cuxas actividades se incluírán a adquisición de habilidades, sensibilización e formación da comunidade educativa, promoción do bo trato e resolución pacífica de conflitos polo persoal do centro, o alumnado e a comunidade educativa sobre a resolución pacífica de conflitos.

A estratexia galega de convivencia escolar 2025 recolle, dentro dunha das liñas de actuación, a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado sinalando que, a través da figura da persoa que exerza a dita coordinación nos centros educativos, se establecerán os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar o labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

O plan de traballo da coordinadora ou coordinador de benestar e convivencia incluírase dentro do plan de convivencia do centro.

2. Benestar emocional no ámbito educativo.

2.1. Conceptualización.

É preciso ter en conta os seguintes aspectos para adecuar os obxectivos do plan:

- Intelixencia emocional: Refírese á capacidade dos individuos para recoñecer as súas propias emocións e as dos demais, discernir entre

diferentes sentimentos e etiquetalos apropiadamente, utilizar información emocional para guiar o pensamento e a conduta, e administrar ou axustar as emocións para adaptarse ao ambiente ou conseguir obxectivos.

- Educación emocional: É un proceso pedagóxico dirixido a potenciar a esfera afectiva como complemento das habilidades cognitivas para facilitar o desenvolvemento integral da personalidade.
- Benestar emocional: Habilidade de manexar as emocións, o que non significa reprimilas senón sentirse cómodo ao manifestalas e facelo de forma apropiada. Unha realidade é que as persoas con capacidade para resolver os conflitos e as tensións, e saber transitar polos transos dolorosos ou penosos, ademais teñen a flexibilidade suficiente como para gozar máis da vida.
- Promoción da saúde mental: As actuacións de promoción da saúde mental recomendadas durante a etapa da infancia e a adolescencia son aquelas desenvolvidas no ámbito escolar que promoven as competencias socioemocionais a través de actividades dirixidas ao autocontrol e a resolución de problemas, e que contribúen a diminuír o risco de aparición de problemas de saúde mental e a promover o desenvolvemento integral do alumnado.
- Prevención dos trastornos mentais: As actuacións dirixidas á prevención dos trastornos mentais recomendadas durante este período van dirixidas ao adestramento en habilidades parentais, o adestramento en habilidades sociais e do comportamento, intervencións curriculares baseadas no contexto da aula para previr o abuso de substancias, o comportamento agresivo e as relacións sexuais de risco, así como programas dirixidos á prevención da depresión, aparición de condutas autolíticas e suicidas, así como outras tipoloxías de alteracións.

2.2. Xustificación da necesidade do plan.

Dentro do plan de convivencia o plan de benestar atenderá a consecución das necesidades do centro para conquistar un centro onde se potencien :

- As boas relacións persoais.
- A participación de toda a comunidade educativa, onde os alumnos/as

aprendan e desenvolvan todas as súas capacidades, onde se propicie unha educación con valores, se fomente a igualdade de mulleres e homes.

- Un Centro enraizado na nosa terra, aberto ao mundo e aberto ao resto das Comunidades.

3. Obxectivos do plan estratéxico.

- Visibilizar a importancia da saúde emocional.
- Xerar estratexias educativas para promover a educación emocional entre a comunidade educativa.
- Formar sobre as condicións óptimas necesarias para un adecuado desenvolvo socio-emocional do alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria do centro.
- Dotar ao profesorado, e á comunidade educativa en xeral, das estratexias necesarias para a súa autocoidado e benestar emocional.
- Coñecer os diferentes factores que afectan á saúde mental (predispoñente, precipitantes, perpetuadores e protectores). - Sensibilizar e formar a integrantes da comunidade educativa sobre os coñecementos, habilidades e actitudes profesionais necesarias para a identificación, avaliación e intervención ante o risco de conduta suicida.
- Mellorar o clima de convivencia e relacións sociais no centro educativo.
- Promover na comunidade educativa espazos de formación-información sobre educación afectivo-sexual, a prevención de condutas de riscos, violencia de xénero, agresións, abusos sexuais e a aceptación da diversidade sexual.
- Favorecer a coordinación entre profesionais do ámbito, social, educativo e sanitario para mellorar a calidade, a eficacia das intervencións e as derivacións, xerando sinerxias que potencien a prevención e intervención.

4. Concreción do plan para o curso 2023-2024

- a) Saúde mental e benestar socio-emocional de todos os membros da comunidade educativa.**

OBXECTIVO		
Potenciar a convivencia en todos os espazos do centro.		
Acción		
Fomento de patios dinámicos.		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
O alumnado participa nas accións de lecer propostas nos patios dinámicos.	Todo o curso	Profesorado do centro
Acción		
Aula de convivencia		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
Resolución de conflitos a través da aula de convivencia e benestar	Todo o curso	Profesorado do centro

OBXECTIVO		
Solucionar conflitos utilizando a mediación en zonas de tranquilidade		
Acción		
Uso da aula arcoiris en momentos onde alumnos precisen unha zona de calma		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
Solución de conflitos axeitada	Todo o curso	Profesorado do centro
Acción		
Realización de programas de actuación ante casos de alumnado moi disruptivo		

Indicador de logro	Temporalización	Responsables
Solución de conflitos axeitada	Todo o curso	Equipo docente, Equipo directivo e Orientación

b) Eixo II. Relacións entre profesionais do ámbito, social, educativo e sanitario.

OBXECTIVO		
Potenciar a coordinación entre profesionais do ámbito, social, educativo e sanitario		
Acción		
Abrir canles de comunicación entre os distintos ámbitos para coordinar accións		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
Coordinación efectiva entre os diferentes ámbitos.	Todo o curso	Coordinadora de benestar, Orientación, Profesorado do centro

c) Eixo III. Autocoidado e benestar emocional.

OBXECTIVO		
Potenciar o autocoidado e o benestar emocional.		
Acción		
Dar a coñecer á comunidade educativa os protocolos establecidos na xunta para tal fin		
Indicador de logro	Temporalización	Responsables
A comunidade ten acceso á información relevante	Todo o curso	Coordinador de benestar.

5. Seguimento e valoración dos resultados e propostas de mellora.

A coordinadora de benestar realizará un seguimento trimestral do plan introducindo propostas de mellora en caso de que sexan prioritarias.

6. Difusión.

A difusión do plan a través do plan xeral anual do centro e a súa concreción para o curso 2023-24.